

MELIDE

A Xunta estudia construír un novo centro médico detrás do actual P9

COMARCA

A Deputación actualizará o catastro urbano e rústico en tres concellos P13

CULTURA

Vintecinco obras literarias optan ó IX certame 'Terra de Melide' P16

ENTREVISTA

Piedad Turrado, Mobles Ares



“Apostamos por un estilo máis moderno, que coida tódolos detalles” P22

Asetem elixe por maioría absoluta a Sonia Valiño como presidenta



Asetem-Cca celebrou eleccións á Xunta Directiva o pasado 15 de abril. Sonia Valiño (no centro da fotografía) resultou elixida como presidenta ó acadar a maioría absoluta tras recibir 63 apoios fronte ós 46

da outra candidatura, encabezada por Diego Sánchez González. Rexistrouse un índice de participación do 94%, a cifra máis alta na historia das eleccións á presidencia da patronal melidense. P3

O I Concurso 'Melide de tapas' celebrarase en xuño



Asetem-Cca organiza este certame, no que poden participar tódolos establecementos que o desexen. A data límite de inscrición é o luns 10 de maio. P4

Os melindreiros asóciáanse para impulsar a súa festa



Catro casas melindreiras de Melide asociáronse co fin de que a festa sexa declarada de interese turístico e que o produto obteña un selo de calidade. P16

Editorial

Por Melide e a nosa comarca

Xa en varias ocasións escoitamos en boca dalgúns veciños de Melide un comentario preocupante. “Melide está quedando retrasado, non se está modernizando”. Falan, sobre todo, da carencia de infraestruturas e servizos que permitan mellorar a nosa calidade de vida. Cren que non se está avanzando ó ritmo que se debera. Aluden á falta de proxectos ambiciosos promocionados dende as institucións e organismos públicos e buscan a causa desta situación na falta de interese polo ben común da poboación.

Precisamente, esa falta de interese polo ben común é algo que non se pode achacar a Asetem-Cca. Se hai algo polo que nos movemos é para buscar o beneficio para a totalidade dos nosos asociados e para a Terra de Melide. Esta é a razón de ser de toda asociación. Querémonos distinguir pola axuda e a prestación de servizos ós empresarios e comerciantes que integran o colectivo. Claro que, como di o refrán, non se lle poden pedir peras ó olmo. Somos a patronal con máis representados da vila e en toda a comarca, pero aínda así, a nosa capacidade de actuación é limitada. Os recursos dos que dispoñemos son escasos e, cando isto ocorre, é difícil decidir que actuacións se priorizan.

Unido a isto, unha das eivas que carrexamos dende hai tempo é a falta de unidade no sector. É algo que propios e alleos reclaman constantemente pola rúa.



Somos conscientes de que contar cunha organización que aglutine a totalidade de firmas asociadas na vila é un feito que, dende hai varios meses, situamos como máxima prioridade dentro das nosas actuacións. Dende Asetem-Cca non escatimamos esforzos para conseguilo. Débemonos ás demandas de toda esa lista de negocios ós que servimos. Pero pode que esa reclamada unidade non pase agora mesmo polos seus mellores momentos.

Ten solución? Si. Como diría o outro, todo ten solución nesta vida menos a morte. E, baixo a nosa humilde opinión, neste caso concreto cremos que é indispensable deixar atrás intereses particulares, personalismos e

esixencias desmesuradas. Pensar friamente que é o que cada un debe ofrecer e no que se debe ceder. Comprometerse cunha asociación, sexa do ámbito que sexa, significa deixar atrás os meros intereses persoais e loitar por intereses colectivos que, evidentemente, benefician a un na mesma medida na que o fan ós demais. Todos temos que comprender, aceptar e practicar este principio, senón a pertenza a unha organización deste tipo queda sen significado.

Podería sernos útil botar a mirada atrás e recordar certos acontecementos na historia local nos que a maioría da poboación se uniu para conseguir un obxectivo. Pensemos nelo.

Tribuna de opinión

Marca de participación

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Un proceso electoral sempre deixa datos, reaccións ou imaxes para analizar, máis alá de que o resultado final sexa favorable a unha ou outra opción.

As eleccións celebradas en Asetem-Cca o pasado 15 de abril, nas que resultou elixida como presidenta Sonia Valiño, supuxeron un fito na historia da asociación no que á participación se refire. Como reza o dito, os que non acudiron a votar puideron contarse ‘cos dedos dunha man’. Neste caso farían falta as dúas, mais aínda así, só foron sete os socios que non fixeron uso do seu dereito ó voto, dun total de 118.

Cómpre dicir que entre eles houbo algún despistado que, pese a estar presente no salón de actos, non entregou a súa papeleta na mesa electoral ó pensar que o faría outro representante legal da súa empresa.

Anécdotas aparte, o índice de participación acadou o 94%. Unha marca difícil de superar. Unha cota dificilmente imaxinable en calquera das eleccións que

esta patronal celebrou dende a súa fundación no 1989.

Dende Asetem-Cca recoñecemos a nosa sorpresa inicial polo número de persoas que se congregaron no salón de actos da asociación. Despois da sorpresa chegou a satisfacción. Foi unha demostración de que o conxunto dos socios está interesado polo futuro do colectivo que integran. Que decidiron por propia vontade acudir a amosar a súa preferencia polo equipo que consideraran mellor para dirixir o colectivo. Dende estas liñas queremos agradecer que así o fixeran, independentemente do destino do seu voto.

Ante todo, queremos destacar o comportamento ordenado e civilizado de todos eles no momento da votación. Foi un momento absolutamente democrático e polo que debemos felicitarnos todos.

Agora comeza o traballo. A nova Xunta Directiva agarda que a súa xestión sexa proveitosa para tódolos asociados.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Tamara Navaza Sa

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 2, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

SECCIÓN COLABORACIÓNS: Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’,

Xosé Domingos Fuciños, Santiago Prado Conde

AGRADECEMENTOS: M^a Pilar López, Jorge Sangiao

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	10
-COMARCA.....	13
-CULTURA E LECER.....	15
-COLABORACIÓNS.....	18
-AXENDA.....	21
-ENTREVISTA.....	22
-AS NOSAS PAISAXES.....	23

O índice de participación nas eleccións foi do 94%, o máis alto da historia da asociación

Sonia Valiño presidirá Asetem os próximos catro anos tras ser elixida por maioría

Obtivo 63 votos fronte ós 46 de Diego Sánchez González

Sonia Valiño Vázquez foi elixida presidenta da Asociación de Empresarios Terra de Melide - Centro Comercial Aberto (Asetem-Cca) por maioría absoluta.

Nas eleccións celebradas o pasado 15 de abril, ás que concorrián unha candidatura encabezada por Valiño Vázquez e outra por Diego Sánchez González, a actual presidenta -que xa ocupaba o cargo en funcións- resultou gañadora ó obter 63 apoios fronte ós 46 que acadou o outro candidato.

A mesa electoral, formada polo secretario de Asetem, José Ramón Villamor Varela e os representantes das empresas CC Xestión e Construcciones Pambre, só considerou nulos dous votos. Do total de papeletas, a mesa contabilizou 51 delegacións de voto.

O proceso desenvolveuse sen incidentes, ante a expectación da gran maioría dos integrantes de Asetem-Cca ata o final do recuento.



Membros da nova Xunta Directiva de Asetem-Cca

Elevada participación

O salón de actos da sede de Asetem-Cca quedou pequeno para acoller a tódolos socios que acudiron a votar. O índice de participación acadou o 94%, sendo o máis alto da historia das eleccións do colectivo.

Acudiron á cita electoral practicamente a totalidade de socios, posto que se rexistra-

ron 111 votos de entre 118 integrantes. Precisamente, o secretario de Asetem, José Ramón Villamor, agradeceu expresamente a tódolos asociados que acudiron a votar o interese que amosaron por este proceso.

Renovación da directiva

Catro días despois das elec-

cións, os integrantes da lista elixida reuníronse para configurar a nova Xunta Directiva, que quedará formada por 12 membros. Está encabezada por Sonia Valiño Vázquez como presidenta, José Ramón Villamor Varela, que repite no cargo de secretario; Elena Quintas Silva como vicepresidenta primeira e Juan Carlos

Casal Vázquez como vicepresidente segundo. Manuel Vázquez García foi designado como tesoureiro e José Valiño Vázquez como contador.

Nos postos de vogais figuran Avelino Laya López, Rodrigo Fernández Pombo, Roberto Vázquez Casal, Manuel Buján Rodríguez, José Luis Carrillo Iglesias e Javier López López.

SONIA VALIÑO VÁZQUEZ, PRESIDENTA DE ASETEM-CCA

“Os nosos proxectos serán positivos para os socios e para toda a comarca en xeral”



Sonia Valiño Vázquez foi elixida presidenta de Asetem o pasado 15 de abril. Xa ocupaba este mesmo cargo, aínda que en funcións, dende o pasado mes de setembro. É membro da Xunta Directiva da asociación dende hai case 10 anos.

-Como afronta un novo mandato tras levar varios meses de presidenta en funcións?

-Con moita ilusión e moitas ganas de traballar. Temos varios proxectos en camiño que poden ser moi positivos para os nosos asociados e para toda a comarca en xeral. Ademais, o feito de levar en funcións varios meses permítenos dar continuidade a actividades e proxectos nos que xa estivemos traballando.

-Formou unha lista na

que figuran asociados que xa estaban na Xunta Directiva e novas caras.

-Quixemos combinar a experiencia e a renovación na nova directiva. Continúa xente que xa estivera en anteriores mandatos e outros socios que nunca formaran parte da directiva. Buscamos que estiveran representadas todo tipo de actividades e sectores. Así podemos ter coñecemento directo das demandas de cada sector e axeitar as nosas actuacións ás súas necesidades. Somos un grupo cohesionado,

no que todos estamos comprometidos con Asetem-Cca.

-Foron as eleccións co maior índice de participación da historia da asociación

-Viñeron a votar a práctica maioría dos socios. A lista que encabezo obtivo o apoio maioritario, algo que demostra que os asociados valoran o traballo que viñemos facendo ata o de agora na asociación. Queremos agradecer a participación de tódolos socios, independentemente de para que can-

didatura outorgaran o seu voto, porque amosaron o seu interese por un proceso importante para a asociación como foron estas eleccións.

-Cal é o primeiro gran obxectivo da nova directiva?

-Traballamos dende o primeiro momento na captación de novos socios, para incrementar a capacidade representativa de Asetem. Respecto a novos proxectos, o máis próximo é o concurso de tapas, que se celebrará en xuño.

Asetem impulsa o crecemento da hostelería co I concurso gastronómico 'Melide de tapas'

Celebrarase durante as fins de semana de xuño, incluídas as tardes dos venres

O público e un grupo de expertos gastronómicos decidirán as tapas premiadas

O I concurso gastronómico 'Melide de tapas', organizado pola Asociación de Empresarios Terra de Melide - Centro Comercial Aberto (Asetem-Cca), agarda ser un impulso para dinamizar a actividade dos establecementos hostaleiros locais ó atraer a centos de visitantes á localidade.

Tendo en conta a boa calidade dos produtos da zona e a tradición de 'ir de viños' que hai na vila, Asetem-Cca organiza esta iniciativa, aberta á participación de tódolos establecementos melidenses. O obxectivo da acción -coordinada pola empresa Compostelae Eventos- non é outro que poñer en valor a gastronomía da comarca como produto turístico en si mesmo e incentivar o consumo na vila.

Deste xeito, dende Asetem-Cca animan a tódolos establecementos de Melide, sexan asociados ou non, a participar nesta iniciativa novidosa, que se celebrará por primeira vez no concello e que é unha das actividades que mellores resultados están a dar na promoción da hostelería.

'Melide de tapas' celebrarase durante as catro fins de semana do próximo mes de xuño. Estableceuse un horario fixo para a venda das tapas, que incluírá os venres, de 19.00 a 22.00 horas e os sábados e domingos de 13.00 a 15.00 horas e de 19.00 a 22.00 horas. Deste xeito, melidenses e visitantes poderán degustar os diferentes bocados durante 12 días.



A presidenta de Asetem e a empresa organizadora do evento mantiveron un encontro con Cea

Bases do concurso

Dende hai varias xornadas, a responsable da firma Compostelae Eventos, Miryam Giménez, percorre a totalidade de establecementos hostaleiros da vila para informar ós propietarios das condicións de participación no concurso.

Cada bar ou restaurante presentará unha única tapa ó certame, que deberá ser exposta no propio establecemento durante o horario fixado para a súa venda.

O pincho venderase a petición do cliente, ó prezo que o xerente do establecemento considere oportuno. A propia descrición de cada tapa, acompañada dunha fotografía, así como o seu prezo, irá incluída nos folletos explicativos que se difundirán para informar ó público.

A cota de participación de cada establecemento é de 40 euros para os asociados a Asetem e de 75 euros para os non asociados. O prazo para realizar a inscrición remata o próximo luns 10 de maio.

Premios

Catro premios distinguirán as características máis representativas das tapas que concorrán ó certame. Haberá un galardón á mellor tapa, outro á mellor tapa innovadora, á mellor tapa tradicional e á me-

llor tapa elaborada con produtos da Terra de Melide.

O xurado estará composto polo propio público que acuda a degustar os aperitivos e por un grupo de expertos en gastronomía.

O público terá que dar unha puntuación de 0 a 5 en cada unha das categorías para cada tapa que consuma. O sistema de votación será mediante papeletas, nas que cada cliente cumprimentará as puntuacións que outorga a cada bocado e que serán depositadas nunha urna que haberá en cada establecemento.

Á marxe da votación, cada cliente dispoñerá dunha li-

breto, a modo de pasaporte, no que deberá ir cuñando o espazo correspondente a cada establecemento no que consumira unha tapa presentada ó concurso.

No caso de completar tódolos cuños, deberá entregar o pasaporte no bar 'O sapo Lambón', ubicado na Avenida de Toques, 35. Deste xeito poderá participar no sorteo dun cuantioso premio.

Os clientes que non logren completar tódolos selos deberán facer entrega do libreto ó término do concurso, a última fin de semana de xuño, xa que tamén entrarán nun sorteo doutro tipo de agasallos.

Degustación de ternera

Coincidindo coa celebración da feira grande na vila, o día 27, último domingo do mes, celebrarase ademais unha degustación de ternera galega. Esta actividade, organizada no marco do 'Melide de tapas' en colaboración co Concello de Melide, busca exaltar este produto típico da comarca.

Uns catro cociñeiros da comarca prepararán outros tantos platos baseados neste tipo de carne -recoñecida co selo de Denominación de Orixe Protexida-, que o público poderá degustar ó adquirir o correspondente bono ou entrada para cada un dos pratos.

Ademais, estúdase a presenza de varios postos de produtos gastronómicos complementarios, así como a celebración dunha cata de viños ecolóxicos ou dunha mostra de artesanía.

Reparto de carteis

Asetem-Cca traballa para que o 'Melide de tapas' atraia á vila numerosos visitantes. Para elo, repartiranse centos de carteis polos catro concellos da comarca así como por localidades próximas como Pallas de Rei, Curtis, Arzúa, Vila de Cruces, Lalín, Arca do Pino ou Santiago.

Tamén se fará un exhaustivo reparto de folletos informativos, nos que os clientes terán toda a información sobre a composición de cada tapa e o seu prezo. Tamén conterá un plano de Melide no que estarán ubicados tódolos establecementos participantes.

XICA

OFERTA MES DE MAIO
10% DO VALOR DA COMPRA SERÁ
CANXEABLE NAS COMPRAS DE MUXICA

NA RÚA DO CONVENTO 21

TFNO. 981506366

Na reunión ordinaria dos asociados presentárase a memoria de actividades

Programadas a asemblea xeral e a cea anual de confraternidade para o 20 e o 28 de maio

Homenaxearase ós asociados que destacaran pola súa labor comercial ou empresarial ó longo do ano

Trala celebración da asemblea extraordinaria na que se celebraron as eleccións á presidencia de Asetem-Cca, a finais do mes de maio terán lugar a asemblea xeral ordinaria e a cea anual de confraternidade.

A nova Xunta Directiva da patronal melidense fixou o xoves 20 de maio para a reunión anual e o venres 28 de maio para a cea de socios.

A dirección de Asetem xa traballa na organización destes dous eventos, que como é habitual, reunirán a practicamente a totalidade dos empresarios e comerciantes asociados.

No referente á primeira das



Imaxe da cea de confraternidade celebrada en xuño de 2009

citadas, Asetem-Cca xa remitiu a convocatoria a tódolos socios.

Na reunión ordinaria, a Xunta Directiva dará conta das actividades realizadas ó

longo do ano 2009, entre as que destacan as distintas campañas promocionais para o comercio e empresas. Tamén se presentará o balance anual de

contas e analizaranse os obxectivos da patronal para o ano 2010, parte dos cales xa se viron cumpridos.

Tódolos asociados que asis-

tan á reunión recibirán unha copia da memoria e balance anual, que tamén será facilitada antes desa data a calquera outro membro que así o solicite na sede da asociación.

Homenaxe ós socios

Como ven sendo habitual durante os últimos anos, a cea de confraternidade incluírá tamén un acto de homenaxe a aqueles asociados cuxa labor empresarial ou comercial destacara ó longo do ano.

A xerente de Asetem, Pilar López, ultima os detalles do evento, que se celebrará no Hotel Carlos 96 de Melide o venres día 28 de maio a partir das 21.30 horas.

Serán convidados os presidentes das distintas federacións de comercio e confederacións de empresarios, a nivel provincial e autonómico. Á marxe dos representantes das organizacións do sector tamén está prevista a presenza dos alcaldes dos concellos da comarca.

Asetem rebaixa a mensualidade ó dar de alta varias firmas

O socio aforrará máis dun 30% na inscrición dunha segunda e sucesivas firmas

Unha das primeiras medidas que tomou a nova Xunta Directiva de Asetem-Cca foi a rebaixa da cota mensual para aqueles asociados que dean de alta unha segunda e sucesivas empresas.

Actualmente, os socios que contaran con dúas ou máis empresas inscritas pagaban unha mensualidade de 15 euros por cada unha. A partir de agora só pagarán 15 euros pola primeira e 10 euros polas restantes. Deste xeito, beneficiaranse dunha rebaixa supe-

rior ó 30%.

Asetem atende ás peticións de varios asociados que reclamaban unha rebaixa nas cotas. A Xunta Directiva valorou recentemente estas peticións e decidiu aplicar este desconto, ó entender que é un aliciente para a inscrición de máis empresas, algo que beneficia á propia organización e tamén ós asociados.

Ademais, resulta un lixeiro alivio nas cargas económicas que sorportan as empresas e comercios da comarca que, coma en toda a comunidade, están a atravesar dificultades debido á crise económica mundial.

A integración de novas firmas na asociación aumentará a súa capacidade de representación e permitirá mellorar os servizos que se prestan.

**Quere
recibir o
Cerne
tódolos
meses na
súa casa?**

Suscríbese!

**981506188
info@asetem.com**



Tablas Racións Almorzos

**Os fins de semana achégate
a tomar unha copa e disfrutar
da boa música!**

Avda de Toques,35 - Melide

Continúa a promoción 'O teu comercio, o teu xornal'

O éxito desta iniciativa redundará en beneficio do comercio local

Dende que a Asociación de Empresarios Terra de Melide - Centro Comercial Aberto (Asetem-Cca) puxera en marcha a campaña promocional 'O teu comercio, o teu xornal', o pasado mes de marzo, numerosas persoas interesáronse por esta iniciativa.

Os participantes obterán suscripcións anuais ó xornal de Asetem -Cerne- de xeito gratuito e entrarán no sorteo de variedade de artigos.

Para beneficiarse desta promoción, os interesados terán que reunir tódolos cupóns que inclúen no Cerne, dende o número 51 -do mes de marzo- ata o último publicado no ano 2010. Ademais, deberán presentar os tickets de compra ou facturas de comercios ou empresas asociadas por valor de 50 euros mensuais xunto co cupón recortable.

Os tickets poderán ser de calquera dos 120 establecementos asociados, tendo que presentar comprobantes por un valor total de 50 euros ó mes, tanto para obter as sus-



Asetem regalará suscripcións anuais ó Cerne

cripcións como para participar no sorteo, que se celebrará unha vez rematada a promoción. Os establecementos integrados en Asetem poden consultarse na páxina web da asociación, www.asetem.com, no apartado 'Buscador'.

Promoción do comercio

Por unha banda, o éxito desta campaña repercutirá en beneficio do comercio e empresa local, ademais de nos propios participantes, que poderán recibir comodamente o único

xornal comarcal que se edita na Terra de Melide.

Precisamente, estes son os obxectivos da promoción, que pretende potenciar as vendas no comercio melidense, ó mesmo tempo que achegar o Cerne ós propios veciños.

Deste xeito, Asetem integra tódolos seus mecanismos para traballar en prol dos intereses de comerciantes e empresarios da Terra de Melide e que na actualidade viven un momento complicado debido á crise económica global.

A UE modifica as normas de acceso á profesión e ó mercado do transporte

O Consello Europeo de Transporte aprobou definitivamente dúas normativas que regulan o acceso á profesión e ó mercado de transporte por estrada, tanto de mercadorías como de viaxeiros. Estas novas normas son de aplicación directa en tódolos países membros da Unión Europea. Non obstante, non entrarán en vigor ata o ano 2011.

A nova normativa aplicarase ó transporte realizado en vehículos de máis de 3,5 toneladas de MMA, se ben os Estados decidirán se ampliar o seu ámbito ó resto dos vehículos.

Unha das modificacións máis relevantes respecto da lexislación anterior é a introdución da figura do xestor de transporte. Esta persoa, que poderá ser o propietario da empresa ou ben un empregado da mesma, terá baixo a súa responsabilidade a xestión do mantemento dos vehículos, a verificación dos contratos e documentos de transporte, a asignación dos servizos ós condutores e vehículos e a verificación dos procedementos en materia de seguridade.

Aquela persoa que desexa conseguir este novo título administrativo deberá superar un exame que acredite posuír coñecementos para xestionar unha empresa de transporte. Tamén se establece a obriga de facer unha reciclaxe periódica, cada 10 anos, para garantir que os xestores coñezan a evolución do sector.

Ás empresas dedicadas ó transporte de mercadorías e viaxeiros por vías terrestres seguiránselle esixindo os re-

quisitos actuais de capacidade económica e honorabilidade. No primeiro caso, a empresa deberá acreditar que dispón dun capital mínimo de 9.000 euros polo primeiro vehículo e de 5.000 por cada vehículo adicional.

Sobre o requisito da honorabilidade, debe ser cumprido tanto pola propia empresa como polo xestor de transporte, que deberán estar libres de condenas penais ou sancións graves relacionadas cos dereitos comercial, de creba ou insolvencia, social ou laboral; tráfico; responsabilidade profesional; tráfico de drogas ou dereitos humanos ou infraccións graves por tempos de condución e descanso, pesos ou dimensións, control técnico dos vehículos, seguridade no transporte de mercadorías perigosas ou limitador de velocidade, entre outras.

A estas esixencias engádeselle a obriga de dispoñer de sede permanente no Estado membro no que estea establecida. Deste xeito preténdese evitar a existencia de empresas virtuais.

Acceso ó mercado

Neste apartado introducíronse diversas modificacións entre as que figura unha definición de cabotaxe, pola que se permiten ata tres operacións consecutivas de transporte nunha viaxe internacional no prazo de sete días, obrigando ó transportista a levar a bordo documentos coa data e lugar de saídas e chegadas e a licenza comunitaria, entre outros documentos requeridos.

Os autónomos asociados a Asetem poderán beneficiarse dos servizos de Mutua Madrileña

Será en virtude a un convenio asinado entre a Feaga e a firma aseguradora

Os autónomos membros da Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) poderán contratar unha póliza de asistencia sanitaria e outra de decesos coa compañía Mutua Madrileña-Aresa Salud. Esta posibilidade dáse grazas á suscripción dun convenio entre a Federación de Autónomos de Galicia (Feaga) -á cal está asociada Asetem dende o 2001- e a empresa

aseguradora. Deste xeito, tódolos autónomos asociados á Feaga teñen a posibilidade de contratar estes servizos.

Esta organización informou a Asetem da firma do convenio e explicou que persoal de Mutua Madrileña contactará coa patronal melidense para explicar "exhaustivamente" o convenio e as características dos servizos que van prestar.

Ademais das mencionadas pólizas, os autónomos tamén poderán contratar un servizo de asesoría sobre seguros de asistencia sanitaria, ofrecido por un afiliado a Feaga e ex directivo dunha multinacional do sector. Todos estes servizos poderán ser contratados a partir de maio e ata xullo.

Condicións

Segundo informaron a Feaga e Mutua Madrileña, a póliza de asistencia sanitaria caracterízase pola ausencia de copagos, así como acceso ós mellores hospitais e clínicas privadas nacionais, servizos de medicina preventiva, asistencia de urxencia no extranxeiro, segunda opción médica, conservación de células nai do cordón umbilical ou transplante de órganos, entre outras.

No caso da póliza de decesos, ofrecen servizo fúnebre, asistencia de viaxe, asesoramento médico telefónico, apoio psicolóxico e asesoría legal ou xurídica 24 horas, 365 días ó ano.

Fiscal e laboral

Campaña Renda 2009:

• **Obrigación de declarar polo I.R.P.F.:** persoas físicas con residencia habitual en España, cos límites que se sinalan:

a) Rendementos íntegros do traballo cos seguintes límites:

1.- 22.000€ anuais, se proceden dun único pagador ou de varios pagadores cando:

-A suma das percepcións do segundo e restantes pagadores non superen en conxunto 1.500€ anuais

-Os únicos rendementos do traballo consistan en pensións da S.S. e demais prestacións pasivas e que a determinación do tipo de retención aplicable se realizase segundo a normativa.

2.-11.200€ anuais cando:

-Procedan de máis dun pagador, e superen os 1.500€

-Se percibiron pensións compensatorias do cónxuxe ou anualidades por alimentos, salvo que procedan dos pais por decisión xudicial.

-Se o pagador dos rendementos non está obrigado a reter.

-Se perciben rendementos íntegros do traballo suxeitos a tipo fixo de retención.

b) Rendementos íntegros do capital mobiliario e ganancias patrimoniais suxeitas a retención ou ingreso a conta se non superan os 1.600€ anuais.

c) Rendas inmobiliarias imputadas que procedan da titularidade de inmoables, rendementos íntegros de letras do tesouro e subvencións para a adquisición de vivenda de protección oficial co límite de 1.000€ anuais

• **Non terán obriga de declarar:** Os contribuintes que obtengan exclusivamente rendementos do traballo, do capital mobiliario e inmobiliario, de actividades económicas e ganancias patrimoniais, suxeitas ou non a retención, cando a suma de todos eles non supere 1.000€ anuais e perdas patrimoniais inferiores a 500€.

• **Convén presentar a declaración ós contribuintes que queiran beneficiarse de:**

-Dedución por inversión en vivenda habitual

-Dedución por conta aforro-empresa

-Dedución por dobre imposición internacional

-Redución por aportacións ós distintos sistemas de previsión social

-Para recuperar a retención dos despedidos do ERE ou por causas obxetivas

• NOTAS DE INTERESE:

-As prestacións por desemprego tamén se declaran a Facenda. Igual sucede coas axudas estatais e autonómicas, como as correspondentes ó Plan 2000E para a compra do coche que tributan como ganancia patrimonial.

-Quedan libres de impostos as pensións por incapacidade permanente absoluta e gran invalidez e as prestacións por desemprego en pago único, estas últimas co límite de 12.000€.

-Os profesionais e empresarios que no 2009 mantivesen ou creasen emprego, a plantilla sexa menor de 25 empregados e facturen menos de cinco millóns de euros poden reducir un 20% do rendimento neto.

-Establécese unha redución de carácter xeral do 5% do rendimento neto de módulos.

-A maiores das deducións que existían en Galicia, este ano créase unha nova de 300€ para homes menores de 35 anos e mulleres de calquera idade que no exercicio causen alta no censo de Empresarios, Profesionais e retenedores.



...a peza que precisa a súa empresa

**laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros**

Solicite presupuesto sen compromiso !!

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314
info@ccxestion.com
www.ccxestion.com

Axudas e subvencións

1.Programa para a Promoción do emprego autónomo (DOGA nº 79, do 28 de Abril de 2010)

Prazo: ata o 30 de Xuño de 2010

Tipos de Axuda:

-Subvención polo establecemento como traballador/a autónoma ou por conta propia. Ata 10.000 €

-Subvención financeira

-Subvención para asistencia técnica

-Subvención para formación

-Axuda excepcional. Ata 3.600 €

2.Ampliación de prazo para a liña de avais do IGAPE para facilitar ás empresas galegas o acceso ao financiamento operativo adicional (programa Re-Brote) (DOGA nº 61, do 31 de Marzo de 2010)
Amplíase o prazo de solicitude desta liña de avais ata o 30 de xuño de 2010.

3.Axudas do IGAPE á internacionalización das empresas galegas (DOGA nº 67, do 12 de Abril de 2010) Prazo: ata o 30 de xuño

4.Axuda do IGAPE a proxectos de creación de pemes ou investimentos en pemes novas promovidas por novos emprendedores (DOGA nº 65, do 8 de Abril de 2010) Prazo: ata 30 de Novembro de 2011. Inversión: entre 50.000€ e 1.500.000€.

5.Axudas a transportistas autónomos de mercadorías por estrada que abandonen a actividade (DOGA Nº 81, do 30 de Abril de 2010) Prazo: ata o 7 de Xuño de 2010

6.Subvención para a potenciación e mellora do turismo mediante axudas para a mellora da infraestrutura de hoteis (DOGA nº 81, do 30 de Abril de 2010)
Prazo: ata o 31 de Maio de 2010

DIRECTORIO DE COMERCIO E EMPRESA

ASESORÍAS

CC Xestión

Florentino López Cuevillas, 2
881973307

Seguros Bilbao

Rda. de Pontevedra, 113
678055942

BANCA

Banesto

Rda. da Coruña, 16
981507978

Caixanova

Alexandre Bóveda, 7
981507300

CANTERAS

Canteras Rechinol

Arenal, 64 entrp. Izq, Lalín
981505504

Canteras Prebetong

Brasil, 56, Vigo
981505576

COMERCIO

Aceiteiro

Rda. da Coruña, 34
981505013

Área de Servicio O Rañao

O Rañao s/n, Melide
981506473

Autorecambios Ángel

Avda. de Lugo, 4
981505251

Barreiro Lodeiro, J.

Baltar, Melide
981515386

Bensar

Novoa Santos, 10
981506165

Blangar

Ctra. Lugo km 46, Melide
981505418

Bodejas Mejuto

Rda. de Pontevedra, 74
981505004

Carnicería Penas

Avda. de Lugo, 35
981505916

Carpintería José Vilela

Lg. de Piñor, 14
667435808

Carpintería Laya

Rua Palas de Rei, 8
981505283

Casa Alongos

Avda. de Lugo, 22
981506392

Casa das Luces

Alexandre Bóveda, 11
981505111

Centro Comercial Ares

Rda. da Coruña, 27
981505053

Cociñas M. Buján

Avda. de Lugo, 99
981507421

Cristalería González

Agüeiros, 44
981507016

Cubiertas Hnos Blanco

Pol. Ind. A Raña, rúa 7. O Barco
988335294

Decoré

Rúa do Convento, 1
661779193

Distribuciones Mella

Xoán XXIII
981506068

Distribuciones Pascual

Avda. Lalín, 24
981506150

Electrotel 2000

Florentino López Cuevillas, 18
981507171

Escayolas Sito

Rda. Pontevedra, 75
981505951

Establ. El Mueble

Rda. Pontevedra, 2
981505089

Estación de Serv. Corredoiras

Corredoiras, 14, Boimorto
981516004

Expert-Melide

Rda. da Coruña, 32
981507855

Eypar, S.A.

Madanela
981507203

Fisio- Vida

Florentino López Cuevillas, 16
981507047

Floristería Tarrío

Amador Rguez, 7
981506164

Frutas Gallego e Hijos

Laberco, S/N, Arzúa
981500429

Frutas Nati

Pol. Ind. A Madanela
600448092

Fuciños Rivas

Rda. da Coruña
981505047

Hijos de Casal Mariño

Eduardo Álvarez Carballido, 1
981505310

Imprenta Meligraf

Rúa Galicia, 26
981506256

Inpugal

Rda de Pontevedra, 107
981507647

Inmobiliaria Villamor

Cantón de S. Roque, 8
981815330

Iris Melide

Emilia Pardo Bazán, 11
981507806

Jim Sports Technology

Madanela S/N
981506434

Joyería Oro Ley

Rúa San Pedro, 14
981505468

Joyería Silvela

Rda. da Coruña,40
981505997

Lácteos Terra de Melide

Orois, Melide
981808009

Larpeiradas

Praza do Instituto,4-3º
981505688

Librería Cousas

Avda. da Habana, 29
981505775

Marvi

Rúa do Convento, 16
981507194

Melimática

Rosaleda,6 baixo
981507881

Mobles Ares

Rda. da Coruña,62
981505564

Motor Melide

Pol. Ind. A Madanela
981507031

Muebles Paula

Crta. Lugo, km 46, Melide
981505734

Muxica Tenda Xoven

Rúa do Convento, 36
981506366

Novavisión Óptica Arca

Avda. de Santiago, 42, Arca do Pino
649836742

Óptica Abal

Rda. da Coruña, 20
981506097

Panadería Tahona

Avda. da Habana, 7
981505127

Per lei

Rúa San Pedro, 10
981507437

Perfumería Lyss

Rda. da Coruña, 44
981507684

Pinturas Mejuto

Vimianzo, Santiso
981193494

Q me compro

Alexandre Bóveda, 16
981505149

Química Industrial Proquintas

Madanela
981505300

Ramón Pampín Bango

Rda. de Pontevedra,105
981507526

Sanoguera

Fotografía Rda. de Pontevedra,45
981507360

Silvia Novias

Rda. de Pontevedra,48
981507174

Sociedad Cooperativa Melisanto

Agüeiros s/n, Melide
981506026

Suministros Industriales Cire

Pol. Ind . A Madanela, parc. 22
981507954

Supermercados García

Rda. da Coruña, 14
981815400

Supermercados Gómez

Amador Rodríguez, 3
981507027

Talleres Bertocar

Furelos, Melide
981505612

Talleres Leiva

Madanela, Melide
981505211

Talleres Mejuto

Sta. María, Melide
981505999

Tecnamelide

A Madanela, parc. 80
981506388

Tecturis

Avda A Coruña, 39 2º C, Lugo
982242563

Ultramarinos

Juan José Mateo Segade Bugueiro, 39
981505103

Xebre

Rda. de Pontevedra, 8
981505723

Xoiería Roval

Alexandre Bóveda,12
981505431

Zapatería Tanuska

Cantón de S. Roque,14
981505793

CONSTRUCCIÓN

C.S.A.

Rúa do Convento, 15-1º Izq.
981507374

Const. Espiño

Concepción Arenal, 5
981507729

Const. Leonardo Miguélez

Santa María, Melide
981505273

Const. Martínez Cordido

Dr. Flemin, 1
981506051

Const. Orois

Codeseira, Melide
981507374

Const. Pambre

Fdez. Castro, 8
981505859

Const. Pichel Hnos

Avda. Estación, 2, Lalín
986780759

Costoya Varela, J.

Rda. de Pontevedra,51 1º Izq.
981507089

Escayolas

Jesús Fociños

Avda. Montserrat, 40 Esc. 3 piso L2, A Coruña
981170550

Marmolería La Viña

C/ Lugo s/n, Arzúa
981500451

Marmolería Melide

Gosenxe, Rivadulla, Santiso
981505518

Revestimientos Rifer

Avda. de Lalín, 26
981507116

Excavaciones Paradela

Ribeiro,s/n Os Ánxeles, Melide
981505592

Hormigones Carral

Sta. María de Veira, As Travesas, Carral
981505025

Hormigones Myhnor

Pol. Ind. A Madanela, Parcela 30
981173616

AVOGADOS

Mª Jesús Iglesias Sánchez

Rda. da Coruña, 29-1º Dcha.
981507608

HOSTELERÍA

Bodegas Curros

Rda. de Pontevedra,18
981505968

Bdegón Celta

Agüeiros, Melide
981505505

Café Chaplin

Cantón de S. Roque,17
981505355

Cafetería Ivory

Cantón de S. Roque, 1
981507901

Cafetería Marta

Cantón de S. Roque,13
981505346

Cafetería Ruada

Rda. de Pontevedra,95
981507537

Espect. Ángel Seoane

Avda. da Habana, 15
981505328

Hotel Carlos 96

Avda. de Lugo, 119
981507633

O sapo Lambón

Avda. de Toques, 35
981505023

Parillada O Carbuo

Villamor, Toques
981504907

Parrillada Rúa

Avda. de Lugo, 50
981506076

Pazo de Eidián

Lugar de Eidián, 5 Agolada
986682545

Pulpería Alongos

Avda. de Lugo, 22
981507510

Pulpería Ezequiel

Cantón de S. Roque,46
981505291

ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA

Javier López López

Rúa Xosé Ramón Fdez. Castro, e
981505482

MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Dez TV

C/B, 27, Lalín
986787036

SERVIZOS

Aprende Academia

Rda. de Pontevedra,10
981815432

Rural Tec

Florentino López Cuevillas, 16-3º
981507245

Xiganet

Rúa Progreso, 36
615929647

TRANSPORTES

Cabado Rguez, J.R.

Pezobrés s/n, Santiso
981517789

Gasogal S.L.

Emilio Camp,2
981506029

Transportes Sierra

A Xunta estuda construír un novo centro médico e desbota o proxecto de ampliación

O Concello dispón dunha finca ubicada detrás do actual ambulatorio

A Xunta estudará a posibilidade de construír un novo centro médico en Melide que permita xestionar eficazmente as consultas e servizos asistenciais en condicións óptimas.

O Sergas tomou esta decisión trala recente visita do xerente de Atención Primaria, José Javier Ventosa, á vila. O alto cargo de Sanidade visitou o actual ambulatorio acompañado da alcaldesa de Melide, Socorro Cea, e da concelleira de Sanidade, Casé Rodríguez, ademais do arquitecto técnico municipal, así como de varios técnicos da Xunta.

O coñecemento 'in situ' da realidade do ambulatorio melidense fixo cambiar de postura á Xunta, que tiña plantexado un proxecto de ampliación para o actual edificio. Así as cousas, estudárase a construción dun novo centro, aínda que non se concretaron os prazos nos que a nova



Visita do xerente de Atención Primaria ós terreos onde se proxectará o novo centro médico

infraestrutura estaría operativa.

Un dos factores que permitiu adoptar esta decisión foi a existencia duns terreos ubicados na parte traseira do centro médico que son propiedade do Concello. A parcela, de preto de 4.000 metros cadrados, reúne "unhas condicións ópti-

mas para a instalación do novo centro", segundo transmitiron a alcaldesa melidense e o responsable de Atención Primaria.

Reiterada demanda

Actualmente existen numerosos problemas de espazo, que se ven agravados porque dúas

das consultas médicas son atendidas na entrada do edificio. A sala de estar está ubicada nun escaso espazo, polo que non ten capacidade para acoller de xeito cómodo a tódalas persoas que cada mañá se concentran nas instalacións sanitarias.

A petición da mellora das

instalacións do centro médico melidense é unha vella demanda, que o consistorio municipal plantexou ó Goberno autonómico tempo atrás.

A reclamación dunha pronta intervención para solucionar os problemas xa foi plantexada ó goberno bipartito, que redactara un proxecto de ampliación.

Tralo cambio de goberno, o pasado mes de decembro Socorro Cea reuniuse con José Javier Ventosa para demandar maior premura na actuación da Xunta.

O responsable de Atención Primaria confirmara daquela á rexedora municipal a intención do Sergas de "modificar o proxecto elaborado polo bipartito para unha ampliación da instalación actual".

Proxecto anterior

As principais modificacións que formulou a actual Xunta no proxecto que o anterior goberno deseñara para a ampliación do centro baseábanse no cambio de ubicación do servizo de Urxencias, que se situaría na parte frontal do edificio, pegado á rúa. O responsable de Atención Primaria asegurara que o deseño anterior "non era funcional".

O PP local ultima a presentación dunha denuncia polo caso da depuradora

A voceira do PP de Melide, Ánxeles Vázquez, confirmou que os servizos xurídicos do partido ultiman os trámites para poñer en coñecemento da Fiscalía as presuntas irregularidades relacionadas coa depuradora do polígono melidense da Madanela. Vázquez avanzou que a denuncia será presentada a comezos de maio, na primeira ou segunda semana do mes.

Os abogados do partido están á espera de obter documentación e información da Consellería de Industria para iniciar os trámites pertinentes e presentar a denuncia por "delito de falsificación documental" contra a alcaldesa de Melide, Socorro Cea.

Por outra banda, Vázquez di "ter coñecemento" de que a



Ánxeles Vázquez e Paula Prado

consellería dou orde de pago de parte da subvención para a construción da depuradora no 2008, aínda que este extremo non foi confirmado polo Concello.

O caso da depuradora meli-

dense chegará ó Parlamento de Galicia a través dunha iniciativa presentada pola deputada popular Paula Prado. Formulará varias preguntas na Comisión de Industria e no pleno da cámara.

Constitúense as Novas Xeracións do PP de Melide



As Novas Xeracións do Partido Popular de Melide iniciaron a súa actividade recentemente logo de celebrar a súa presentación oficial. A organización xuvenil, formada por 17 mozos da vila, está presidida pola licenciada en Ciencias Políticas e da Administración, Dalia García Couso.

Á presentación do grupo acudiron os concelleiros do PP melidense, o conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, o Delegado Provincial da Xunta na Coruña, Diego Calvo e o director xeral de Xuventude, Ovidio Rodeiro, entre outros cargos.

Preocupación na vila ante un posible retraso na execución da autovía A-54

Medio Rural solicita estudar alternativas ao norte da N-547

Fomento advirte dunha demora de dous anos se a Xunta non acepta o trazado

A pantasma do alonxamento da autovía A-54 volveu pousarse sobre Melide. A preocupación dos veciños sobre a infraestrutura que unirá Santiago e Lugo reactivouse tras coñecerse hai unhas semanas que a declaración de impacto ambiental do tramo Arzúa-Palas de Rei fora suspendida cautelarmente pola Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente.

Esta decisión debeuse á existencia un informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza -pertencente á Consellería do Medio Rural-



Roda de prensa da plataforma Autovía por Melide

no que se aconsellaba o estudo de trazados alternativos ó que xa fora elixido polo Ministerio de Fomento.

Segundo o departamento da Xunta, o trazado elixido polo ministerio que dirixe José Blanco -a alternativa 4- afecta "significativamente" ós valores do espazo catalogado como Lugar de Interese Comunitario (Lic) Serra do Careón, cuxa xestión corresponden a Medio Rural. Solicitan o estudo de novas alternativas ao norte da

N-547 ao entender que os terreos desa marxe da estrada "albergan menor abundancia de valores polos que o espazo foi protexido".

O trazado aprobado provisionalmente por Fomento fora sometido a exposición pública en maio de 2009. Daquela, o departamento central dera dous meses de marxe para que a Xunta lle remitira o citado informe, que chegou con oito meses de retraso.

Agora, dende Fomento ad-

virten que se a Xunta non "matiza" a súa postura o comezo das obras retrasarase dous anos "como mínimo". Terían que elaborar novos proxectos, repetir os trámites de información pública e oficial, o estudo de alegacións e a elaboración do correspondente informe que se sometería á declaración de impacto ambiental.

Reclaman unidade

Ante a situación de suspense na que se atopan os trámites para comezar a execución efectiva do tramo da autovía que pasa por Melide, a plataforma cidadá 'Autovía por Melide' reclamou ós diferentes partidos políticos, ó igual que fixo a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) "consenso e unidade para loitar por un fin común", ó ser esta unha infraestrutura de "máxima importancia" para a dinamización económica do concello e de toda a comarca.

Aínda que a plataforma está disolta, o seu portavoz, David Barrio, asegura que permanecerán "vixiantes" sobre o desenvolvemento do proceso.

Dende a alcaldía melidense solicitaron a PSdeG e PP "facer

fronte común a prol deste proxecto, básico para o desenvolvemento de Melide".

Negociacións

Os portavoces locais do PSdeG nos concellos de Melide, Arzúa e Boimorto obtiveron o compromiso dos ministerios de Medio Ambiente e Fomento de negociar coa Xunta un acordo que permita avanzar no proxecto da A-54 tal e como estaba plantexado.

De feito, varios representantes destes dous ministerios xa mantiveron un encontro cos responsables de Conservación da Natureza, que manifestaron "non querer entorpecer o proxecto". Nesa reunión trasladaron a súa intención de solicitar información adicional de detalle a Fomento e, unha vez dispoñan destes datos, informar sobre a incidencia que poida ter a vía sobre o espazo protexido 'Serra do Careón'. A Xunta afirmou que situará este asunto "na máxima prioridade".

Ademais desta promesa, o ministro José Blanco comprometeuse recentemente a "axilizar ao máximo" os trámites do que é o último tramo da A-54 que resta por adxudicar.

A Deputación aporta 340.000 euros para a Casa da Cultura



Cea, Fernández Moreda, Manuel Prado e Santos López (PP)

A Casa da Cultura melidense recibirá unha nova inxección económica de 340.000 euros por parte da Deputación da Coruña. Esta cuantía irá desti-

nada a unha segunda fase da remodelación do edificio, traballos que comezarán "nun par de semanas", segundo confirmou a alcaldesa, Soco-

rro Cea, no transcurso da visita do presidente provincial, Salvador Fernández Moreda. O máximo responsable da institución provincial visitou Melide para facer entrega dun

camión con plataforma elevadora para o servizo municipal de Obras.

A nova aportación para o centro cultural completa unha inversión da deputación de

655.000 euros. Cea valorou o compromiso da institución co concello, ó que contestou Fernández Moreda con que "a deputación só se entende se é útil ós concellos".



Galicia Central implantará enerxías renovables para acadar a súa “autosuficiencia municipal”

O grupo de concellos no que está integrado Melide expuxo a súa Axenda Estratéxica

O grupo de concellos Galicia Central -no que están integrados Melide, Lalín, O Carballiño e Monforte- presentou recentemente as súas próximas liñas de actuación, enmarcadas no documento ‘Concellos eficientes. Axenda Estratéxica’. Trátase dun informe de traballo que pretenden levar á práctica para “prestar mellores servizos á cidadanía” e “mellorar a eficiencia da actuación pública”, ademais de “captar investimentos de calidade”.

Ó acto de presentación, celebrado en Monforte, asistiron a alcaldesa de Melide, Socorro Cea, o concelleiro de Turismo de Lalín, Nicolás Varela, o alcalde de Monforte, Severino Rodríguez, o secretario xeral do Eixo Atlántico, Xoán Vázquez Mao e o coordinador do proxecto, Enrique José Varela.

No estudo, que foi elaborado



Un grupo de maiores xogan ó bingo ante a atenta mirada dos visitantes

por un grupo de expertos do Eixo Atlántico, destácase como prioridade o desenvolvemento dun programa de enerxías renovables para aplicar nos catro concellos. Segundo expresou o alcalde de Monforte, o obxectivo último desta iniciativa sería acadar “a autosuficiencia enerxética municipal”.

Para levar á práctica esta idea, o documento fala da implantación de sistemas de xeración de enerxía eólica en cada un dos catro concellos. Á

marxe da eólica, tamén se contempla a posibilidade da instalación de paneis solares ou plantas de biogás e biomasa para complementar a achega enerxética dos muíños de vento.

O secretario xeral do Eixo Atlántico -organización formada por concellos galegos e do norte de Portugal- adiantou que xa mantiveron contactos coa Xunta de Galicia para poñer en marcha gabinetes de xestión en cada un dos catro concellos que traballan no

desenvolvemento das iniciativas fixadas na Axenda Estratéxica.

Plataforma industrial

En materia industrial, o documento propón o establecemento dunha plataforma de xestión única, que posibilitaría a mellora da eficiencia dos polígonos industriais baseándose na “intermodalidade, a conectividade e a interrelación”, segundo explicou Vázquez Mao.

Neste sentido, plantéxase que o porto seco da localidade

monfortina podería funcionar a modo de base loxística para as empresas do ámbito de Galicia Central.

A promoción e modernización do comercio é outra das actividades que o informe sitúa como primordial.

Imaxe turística común

Outras das prioridades que se sinalan na folia de ruta son a creación dun departamento que xestione a información que xera a agrupación supramunicipal así coma dun portal web na rede.

Para potenciar o desenvolvemento turístico das catro zonas proxéctase o deseño de itinerarios etnográficos e gastronómicos conxuntos. Búscase crear unha imaxe turística común ós catro municipios. Algúns dos elementos para vertebrar este selo serían a auga, o viño e a gastronomía, tal e como se apuntou na rolda de prensa de presentación do proxecto.

Ademais, en materia medioambiental, a Axenda Estratéxica enfoca as actuacións cara á mellora da calidade da auga dos principais ríos que discorren polos concellos integrados nesta asociación voluntaria pioneira en Galicia.

A débeda do Concello supera os catro millóns

O Concello de Melide ten unha débeda superior ós catro millóns de euros. Concretamente, o consistorio melidense debe 2,5 millóns en préstamos bancarios, segundo un informe feito público polo Ministerio de Economía y Hacienda. Esta cantidade aumentou notablemente respecto á do último exercicio, no que estaba cifrada en 1,3 millóns.

Ademais, a esta cifra hai que sumarlle 1,5 millóns en facturas pendentes de pago, dato recollido na Conta Xeral de 2008.

Isto supón que a ratio de débeda por habitante ascende a 494,4 euros.

Por outra parte, Melide foi un dos 37 concellos galegos que recibiu recursos do Fondo Especial de Financiación do Goberno central. O Ministerio

de Política Territorial inxectou uns 42.000 euros que o Concello poderá destinar a gasto corrente, xa que non teñen un fin específico. O obxectivo destes fondos é dotar de liquidez as arcas municipais dos concellos máis pequenos.

Críticas do PP á xestión

Para o PP de Melide estas cifras demostran a “nefasta” xestión económica da alcaldesa melidense, Socorro Cea. A voceira popular, Ánxeles Vázquez, asegura que o Concello ten facturas sen recoñecer, cuxas cuantías acadaban 1,3 millóns de euros en agosto do ano pasado.

Vázquez denuncia que Cea presenta os trámites obrigatorios fóra de prazo e “incumpre reiteradamente as obrigas legais”.

Cinco nenos saharauís pasarán as súas vacacións en Melide

O Concello inicia a recollida de alimentos para enviar ó Sahara

Por terceiro verán consecutivo varias familias melidenses aumentarán os seus membros coa chegada de pequenos saharauís. Desta volta serán cinco nenos -un máis que en ocasións anteriores- os que poidan gozar as súas vacacións na vila. O Concello xa tramitou a viaxe dos cativos, no marco da iniciativa ‘Vacacións en paz’ que se desenvolve en colaboración coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí.

O prazo para solicitar a acoillida dun neno remata o vin-



Cativos que gozaron dunhas vacacións en Melide o ano pasado

deiro venres 14 de maio.

Recollida de alimentos

O Concello melidense puxo en marcha recentemente a segunda campaña de recollida de alimentos para enviar ós habitantes dos campos de refuxiados de Tinduf, no Sahara.

Os víveres máis axeitados son aqueles con menos risco de sufrir desperfectos no traslado, coma o arroz, as lenteiras, o atún ou o aceite de oliva, que son os máis demandados.

O ano pasado partiron de Melide máis de 500 quilos de alimentos cara ó Sahara.

O V Campeonato de Pesca 'Terra de Melide' bate récords de participación

Acudiron troiteiros de toda a xeografía galega e de Portugal



José Manuel Cea Vázquez, gañador do primeiro premio, con Xavier Pazo (d) e Socorro Cea

O V Campeonato de Pesca 'Terra de Melide', organizado pola Asociación de Troiteiros 'Río Furelos' amosou recentemente a súa satisfacción polo elevado número de participantes que acolleu a actividade celebrada o pasado 10 de abril. Ata 107 persoas se inscribiron para participar na xornada de pesca, aínda que finalmente só foron 15 -os pases permitidos por día para o couto do Furelos- os que poideron usar as súas canas. "É unha proba de que a medida que pasan os anos xa se vai estendendo a súa sona por terras máis afastadas", asegura o presidente da entidade, Xavier Pazo.

Entre os inscritos había pescadores de diversas localida-

des galegas como Santiago, Lugo ou A Estrada e un chegado de Portugal. O gañador do campeonato do ano pasado non puido participar -como así o dispoñen as normas do concurso- debido a unha lesión de nocello, polo que houbo un participante máis no sorteo. Non obstante, este pescador terá a súa praza reservada para o ano que vén.

Así as cousas, os pescadores dirixíronse ó cauce do Furelos, onde cada un dispuxo dun tramo de 750 metros, que tamén foron sorteados entre os participantes. Cada un deles estivo acompañado por un xuíz.

O gañador do primeiro premio foi José Manuel Cea Váz-

quez, que tamén conseguiu o premio á captura máis grande, cun exemplar de 28 centímetros. O segundo premio acadouno Jorge Pazo Sánchez e o terceiro recaeu no portugués, Jaime Manuel Alves.

Xantar de confraternidade

Os premios entregáronse no transcurso dun xantar de confraternidade ó que asistiron a alcaldesa de Melide, Socorro Cea, o primeiro tenente de alcaldesa, Manuel Prado e o concelleiro de Deportes, Antonio Varela.

Nese acto, a directiva da asociación de troiteiros entregou diversos premios e material de pesca ao resto dos participantes na proba.

Os tesouros do Furelos

Un pescador captura unha troita de case 2 quilos e 57 centímetros



José Antonio Mejuto coa troita de case dous quilos

Coa apertura da tempada de pesca son moitos os aficionados que día tras día se achegan ós ríos da comarca para probar sorte coas capturas.

É o caso de José Antonio González Mejuto, ó que a fortuna lle chegou en forma dunha gran troita. O exemplar pesaba 1.850 gramos e acadaba os 57 centímetros. Pescouno no couto do río Furelos ao seu paso pola praia fluvial de Melide, segundo informaron dende a Asociación de Troiteiros 'Río Furelos'.

Este pescador, socio do colectivo de troiteiros, fíxose co prezado trofeo o pasado día 21 de abril cando estaba pescando xunto co seu fillo Diego. Sobre as cinco e media da tarde, despois de levar sacadas outras catro troitas que rondaban entre os 20 e 27 centímetros, sentíu a picada do animal.

Reclamou a axuda do seu fillo e despois de varios minutos de incertidume ante o que se agocharía baixo a auga, lograron sacar o peixe para fóra.

Organizado un máster de pesca á mosca para o día 15

A Asociación de Troiteiros 'Río Furelos' de Melide organizou para o vindeiro día 15 de maio -sábado- un máster de pesca á mosca.

A actividade será de carácter gratuito pero conta con prazas limitadas. Só 15 pescadores -as licenzas que permite o couto do Furelos por día- poderán participar na iniciativa. Os interesados deberán inscribirse no número 696 607 348 ou enviando un email a asociacióntroiteiros@gmail.com. A data límite para inscribirse é o

venres 14, día no que se celebrará o sorteo no bar Cire de Melide.

Segundo indicou o presidente da asociación, Xavier Pazo, os asistentes poderán practicar varias modalidades de pesca á mosca -ninfa, afogadas, secas, con caña longa ou de lance-.

A clase será impartida por membros da asociación, dende a que xestionan a presenza dalgún experto na materia. Ademais, celebrarase un xantar entre os participantes.

	ESPAÑA	ALEMANIA	FRANCIA	
LUXEMBURGO	 SIERRA TRANSPORTE DE VEHÍCULOS NACIONAL E INTERNACIONAL			HOLANDA
	Manuel Vázquez García Tfno./Fax: 981 50 79 10 manuel@transierra.es Móviles: 610 52 34 50 / 51 Parque Emp. La Madanela, nave 79 www.transierra.es 15800 MELIDE (A Coruña)			
	ITALIA	PORTUGAL	AUSTRIA	BELGICA

A Deputación actualizará o catastro de Melide, Sobrado e Toques

O organismo provincial elixirá de entre nove firmas a que realice a revisión

A Deputación da Coruña actualizará o catastro de Melide, Sobrado e Toques. A renovación do rexistro de parcelas abarcará o ámbito urbano e o rústico. Estes tres concellos da comarca serán uns dos 75 municipios para os que a deputación sacou a concurso a execución destes traballos, cun orzamento de 650.000 euros.

Esta actualización farase en virtude dun convenio de colaboración que o organismo provincial firmou coa Secretaría de Estado de Facenda e a Dirección Xeral do Catastro.

O prazo de presentación de ofertas rematou o pasado 20 de abril. Presentáronse un total de nove empresas á convocatoria, segundo informaron dende a institución.

En próximos días reunirase a mesa de contratación do organismo provincial para decidir cal é o proxecto seleccionado para levar a cabo a actuación. Non obstante, fontes da deputación non precisaron os prazos concretos do inicio dos traballos.

Realizarase unha actualización da referencia catastral dos novos bens inmobles e a confección de planos dixitais



O catastro urbano de Melide non se actualiza dende o ano 1994

de cada parcela. No caso das edificacións, o plano de situación irá acompañado dunha fotografía dixital. Toda a información que se recolla pasará a un soporte magnético, tal e como se establece na convocatoria que publicou o organismo provincial.

Máis dunha década

A última revisión catastral urbana realizada en Melide foi no 1994. Daquela contabilizáronse unhas 5.205 parcelas urbanas e 8.039 inmobles. O valor catastral do solo supera os 52,9 millóns e o da construción ascende a 177,2 millóns.

Conforme a estes datos, o valor catastral do concello quedou establecido en 230,18 millóns de euros, segundo os datos que figuran nos arquivos da Dirección Xeral do Catastro do Ministerio de Economía e Facenda.

No caso do catastro de rústica, que foi revisado por última vez no 2001, computáronse 28.085 parcelas, cun valor total de 5,8 millóns de euros.

As últimas revisións catastrais urbanas de Sobrado e Toques datan de 1.996. No caso

de Sobrado, contabilizáronse 1.449 bens inmobles e 1.409 parcelas. A suma dos valores da construción e do solo dá un valor total de 14,4 millóns.

En Toques computáronse unhas 804 parcelas e 817 edificacións. O valor total do ámbito urbano superou os 11,1 millóns.

O rexistro rústico dos dous concellos, que tamén foi actualizado hai 9 anos, recolle 25.856 parcelas en Sobrado e 10.670 en Toques. O valor catastral total é de 5,3 millóns no caso de Sobrado e en 2,2 para Toques.

O día 19 vence o prazo para solicitar becas de transporte en Sobrado

O vindeiro día 19 de maio -mércores- remata o prazo para solicitar as axudas para transporte escolar do presente curso que concede o Concello de Sobrado.

Poderán optar a estas axudas aqueles estudantes que cursen estudos de Bacharelato ou Formación Profesional e que non sexan beneficiarios do dereito de transporte gratuito.

O Concello destinou unha partida de 323.480 euros para esta convocatoria. Cada axuda será de 200 euros por alumno e curso académico. No caso de que as solicitudes aceptadas excedan as previstas, o crédito habilitado dividirase entre as subvencións admitidas.

Ademais dos requisitos citados anteriormente, os beneficiarios deberán pertencer a unha unidade familiar que estea empadroadada e teña residencia efectiva no concello de Sobrado, durante a totalidade do curso lectivo.

A unidade familiar non poderá ter unha renda per cápita anual superior a 8.000 euros no exercicio 2008.

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, onde se falicitará o modelo de solicitude. Deberá ir acompañado da fotocopia do DNI do solicitante, da fotocopia do libro de familia, o certificado de empadramento, a copia da declaración da Renda do 2008 e os datos bancarios para efectuar o ingreso da subvención.

ASETEM-CCA agasalla ós seus socios cunha memoria USB e un anuncio gratis no Cerne



Infórmate no 981506188

Mesón-Pulpería ALONGOS II

Pulpo - Bacalao - Cocidos (por encarga)
Entrecot de boi a pedra
Porco Ibérico a grella.

Tfnos.: 981 50 75 10 - Móvil: 615 36 00 89
Avda. de Lugo, 22 - MELIDE (A Coruña)



Celébrase o primeiro ‘Feito en Santiso’ en Visantoña

600 persoas acoden á estrea do grupo teatral da asociación ‘O Noso Lar’

Todo o concello de Santiso e, en concreto, a parroquia de Visantoña caracterízase pola súa intensa actividade asociativa e cultural. Partindo desta premissa, a Asociación Veciñal e Cultural ‘O Noso Lar’ organizou unha xornada para amosar a veciños e visitantes todo o que se fai na localidade.

Así, o pasado sábado 1 de maio celebrouse a primeira edición do ‘Feito en Santiso’, en Visantoña. “A festa nace coa idea de amosar o que se está facendo no concello dentro do ámbito cultural”, explica o presidente de ‘O Noso Lar’, Manuel Adán.

O cartel do evento, que se

estendeu ó longo do día, incluíu as actuacións da Coral Polifónica de Santiso, dos Gai-teiros da Ponte e da Charanga Amigos de Visantoña. A música soou dende o mediodía ata o serán e incluso animou o xantar no que se deron cita dúcias de veciños. “En todo momento os protagonistas son os veciños”.

Adán lamenta a ausencia da Banda de Música de Visantoña, que declinou acudir á cita polo recente falecemento do seu director perpetuo, Eugenio Pazos.

Máis o “colofón” da verbena chegou coa posta en escea da obra ‘O rei da Carballeira’ de Ricardo Frade, a cargo do grupo de teatro de ‘O Noso Lar’. “Foi o acto máis espectacular e o que congregou máis público”, asegura Adán. No pavillón de Visantoña xuntáronse unhas 600 persoas que agardaban expectantes a estrea dos nerviosos actores.

Capitaneados polo director

Jesús Gómez Lareo, o grupo -formado por máis de 20 persoas- fixo gozar ó público cunha actuación que se estendeu durante hora e media.

O grupo de afeccionados, entre os que hai persoas que rebanan os 80 anos, leva traballando dende hai uns 10 meses. Nas últimas semanas intensificaron os ensaios para ter a punto tódolos detalles. “Estaban nerviosos porque non teñen experiencia, pero fixérono mellos que nos ensaios”, valora Adán.

Tralo seu debut, xa están decididos a repetir. Farano entre os próximos meses de agosto e outubro. Volverán a actuar en Visantoña na segunda quincena de agosto. Tamén farán un intercambio coa Asociación Cultural Charamela de Melide para actuar na cabeceira de comarca e incluso se desprazarán ata Vigo. A idea é amosar o seu traballo ós visitantes que se achegan a estes concellos no verán.

Comeza a ‘Primaveira teatral’ en Toques coa obra ‘Se o sei... non volvo á casa’



Integrantes de Charamela co director do grupo, o alcalde de Toques e a concelleira de Cultura.

O Concello de Toques inaugurou o programa ‘Primaveira teatral’ coa representación da obra de Manuel Varela Buxán ‘Se o sei... non volvo á casa’, interpretada polo grupo de teatro da Asociación Cultural Charamela de Melide.

Con esta actividade, o Con-

cello de Toques busca “achegar á poboación actividades culturais que, xeralmente, están restrinxidas a vilas e cidades”.

Segundo explicou a concelleira de Cultura, Cruz Bande, búscase que o programa teatral estea integrado nun con-

xunto de actividades lúdico-culturais que sexa “o máis variado e completo posible”.

Á representación acudiu numeroso público, que valorou a obra “polo ben que reflicte tempos pasados” así como pola interpretación dos diferentes actores.

Máis de 10 inscritos no curso de panadería para desempregados en Toques

Unhas 12 persoas anotáronse para participar no curso de panadería e bolería que o Concello de Toques poñerá en marcha no segundo semestre deste ano. A actividade formativa está destinada a persoas desempregadas e enmárcase no proxecto Rede Xiana, promovido pola Deputación da Coruña e cofinanciado con cargo ao Fondo Social Europeo. Nesta iniciativa tamén participarán 9 persoas inscritas no Concello de Melide.

O obxectivo do curso, que se impartirá nas instalacións de

panaderías da comarca, é fomentar o emprego mellorando a formación e a capacitación profesional dos participantes, segundo indicaron dende o consistorio de Toques.

Os alumnos recibirán un total de 489 horas de formación teórica e 200 de clases prácticas. As persoas que se anotaran recibirán información da data de comezo do curso -prevista para o mes de xullo- nos Servizos Sociais do Concello, departamento co que poderán contactar a través do número 981506408.

Completan a rede de auga potable para os núcleos de Paradela e Brañas

Nos próximos días quedará completada a rede de abastecemento de auga potable nos núcleos de Paradela e Brañas, no concello de Toques.

Segundo informaron dende o consistorio, estes traballos comezaron hai aproximadamente dous meses. Trátase da segunda fase do Plan da Rede Xeral de Augas que puxo en marcha o Concello e que se desenvolve no marco do Plan de Cooperación cos concellos da Deputación da Coruña.

As obras, realizadas pola empresa Espina y Delfín, con-

tan cun orzamento de 210.000 euros.

O abastecemento da auga faise a partir do depósito municipal ubicado nas proximidades da Capela. Tódolos veciños que así o solicitaran poderán conectar a nova traxida á rede dos seus domicilios. Fontes do Concello explicaron que a empresa instalará bombas para impulsar o caudal a aqueles sitios ós que non chegue polo seu propio peso.

Estimaron que poderían beneficiarse uns 400 veciños das dúas parroquias.

A expedición galega do Special Olympics iniciará en Sobrado unha etapa

Unhas 800 persoas membros do grupo Special Olympics Galicia -organización que traballa a prol da inserción social das persoas con discapacidade intelectual- terán Sobrado como cabeceira de etapa do Camiño do Norte o próximo 16 de xuño. Segundo informou o Concello, o grupo non pernoctará na vila, senón que terá a sede central no Monte do Gozo e desprazarase en vehículos ata o comezo das diferentes etapas.

Non obstante, o número de peregrinos que pasarán noites

na vila segue aumentando. O Concello xa atendeu as reservas de máis de 5.500 persoas. Os grupos máis numerosos son dúas expedicións formadas 1.500 persoas cada unha, que estarán en Sobrado os días 2 e 3 de agosto.

Pasarán a noite no Pavillón Municipal, que conta con 150 prazas, e en tendas de campaña que habilitará o Exército.

Algúns dos lugares de onde proveñen os peregrinos son Asturias, Biskaia, Canarias, Cantabria, Extremadura, Madrid, Murcia ou Valencia.

Dúas longas xornadas a golpe de punteiro

A VI Foliada de Melide encheu co son da música galega tradicional as rúas e prazas da localidade



O grupo da Casa Galega en Santurce (Bilbao) 'Airiños Galegos Doce Albor' comezou a súa participación na Foliada cunha recepción oficial no Concello. Logo participaron no concurso de cantos de taberna e no serán.



A mostra de artesanía -que contaba con postos de instrumentos musicais, traxes de baile, traballos de madeira ou de coiro- estivo ubicada na Praza do Convento. O tránsito dos visitantes foi contínuo durante as dúas xornadas de festa.



A marcha gaiteira, na que participaron unha vintena de grupos chegados de varios puntos da xeografía galega, paseou o son das gaitas polas rúas máis céntricas da vila, ante a mirada de numerosos veciños e forasteiros.



As actividades para nenos, que se celebraron maioritariamente o domingo, tamén acolleron numeroso público. Á marxe dos espectáculos de monicreques, os cativos tamén poideron gozar cun desfile de cabezudos.

Mellor do previsto. Así valoran os organizadores da VI Foliada de Melide os dous días de festa nos que se rendeu homenaxe á música tradicional galega.

Foron dúas xornadas repletas de actividades que tiveron como principal novidade o cambio de ubicación. Habitualmente celebrábase no Pazo de Congresos melidense, pero este ano a organización decidiu trasladala ás rúas e prazas da vila. "Foi todo un acerto", asegura Eva Balboa, membro da organización. Levar as actividades ó centro da vila serviu para "facér visible a Foliada", tal e como explica Miguel Varela, outro dos organizadores. "Antes pasaba

totalmente desapercibida, sobre todo para a xente da vila". Di que moitos veciños "quedaron sorprendidos", xa que nunca acudiran ó recinto feiral e pensaban que o evento era "moito máis pequeno".

Tiveron como aliado o bo tempo, que fixo posible que se poideran desenvolver tódalas actividades segundo o previsto.

Gran afluencia

Ó longo dos dous días de festa -sábado e domingo- concentráronse centos de persoas na vila. "Veu moita máis xente de fóra acompañando ós grupos", indica Miguel, que se amosa moi satisfeito ó contar "toda-

las actividades con numeroso público". A praza das Coles, onde se celebrou o serán o sábado á noite "estivo sempre chea, dende as nove ata as tres da mañá".

O sábado foi o día de maior afluencia, ó celebrarse o concurso de cantos de taberna, a marcha gaiteira polas rúas, o serán e as actuacións musicais que pecharon a xornada.

O domingo resultou "máis tranquilo", con actividades dirixidas na súa maior parte ó público infantil.

"A liña que seguimos nin aburriu nin cansou", reconece Eva Balboa, que fai fincapé no feito de que a organización tiña "todo ben atado. Non

houbo nada que se escapara".

Éxito dos cantos de taberna

Unha das actividades que máis gustou e sorprendeu tanto a veciños como a visitantes foi o II Concurso de Cantos de Taberna, que xuntou na mañá do sábado a doce grupos na coñecida como zona dos viños. O grupo gañador foi A Requiñta da Laxeira, de Vedra, que conquistou ós taberneiros melidenses, encargados de outorgar as puntuacións.

"Era a actividade máis agardada. Chamou moito a atención e veu moita xente de fóra vela", indica Miguel, que se ve convencido de que o concurso seguirase celebrando en próximas

edicións.

A combinación de actividades novidosas como os cantos de taberna coa súa celebración ó aire libre "foi o impulso que necesitaba a Foliada". "Este ano conseguimos consolidala", afirma.

Á vista do acontecido, os organizadores están convencidos de repetir a experiencia con estes ingredientes en vindeiros anos, xa que cren que queda "moito máis vistoso" e "máis cómodo para a xente de Melide". Ademais, o tránsito de xente polas rúas máis céntricas tamén beneficia ó comercio local.

Agora toca descanso. Despois do verán comezarán a preparar a cita do vindeiro ano.

Os melindreiros de Melide organízanse para lograr o recoñecemento do produto

O colectivo de reposteiros traballa co Concello para obter a declaración de festa de interese turístico

As catro casas melindreiras de Melide con maior tradición -Estilo, Tahona, Melchora e Trisquel- constituíronse en asociación co fin de lograr un recoñecemento para o doce típico melidense.

O colectivo presentárase oficialmente en próximos días, aínda que xa leva varios meses traballando na súa constitución. Así as cousas, a XIX edición da Festa do Melindre e da Repostería Tradicional da Terra de Melide será a súa estreia. O concelleiro de Promoción Económica, Antonio Díaz, fala dun “momento moi bo e áxido” para a actividade reposteira na vila.

O concelleiro compareceu en roda de prensa acompañado da alcaldesa melidense, Socorro Cea e dun representante das casas reposteiras, Alberto Rodríguez, da Casa Estilo para presentar as actividades que se desenvolverán ó longo do próximo domingo, día 9. Todas elas estarán concentradas en torno á Praza do Convento, ubicación que o Concello busca converter no



Degustación gratuíta na anterior edición da Festa do Melindre

“centro neuráxico” da festa. “Quixemos manter a praza con vida ó longo de todo o domingo”, asegurou Díaz.

A céntrica explanada albergará os postos dos reposteiros. Alí tamén se dará lectura ó pregón -ás 11 horas- por parte da escritora Inma López Silva, natural de Melide e o pasarás a cargo do grupo Axóuxere. Dende ese momento

ofreceráse degustación gratuíta de melindres, ricos e amenoados e tamén para a venda. “As previsións supéranse ano tras ano e sempre temos que cocer máis ese día”, asegura Rodríguez, que interpreta esta situación coma un “bo síntoma para a festa”.

Na rúa do Convento estarán colocados as sete casetas de artesáns, entre as que tamén

estarán o posto do Centro Ocupacional, o que acolla os traballos presentados ó Melindresricos e o do oficio home-naxeado. Nesta ocasión renderase tributo ós ferreiros, representados na figura de Manuel Lodeiro Pintor. Tanto Díaz como Cea destacaron a traxectoria vital deste veciño melidense, “que se veu continuada na figura do seu fillo, que herdou o seu bo facer”.

Xa pola tarde, ás 17.00 darase a coñecer os traballos premiados no III certame de debuxo Melindresricos. Posteriormente, haberá un espectáculo de monicreques para os máis pequenos. O broche final correrá a cargo do grupo Espido, liderado pola vocalista Guadi Galego, que ofrecerá un concerto ás 20 horas.

Diversificación de produtos

Outra das novidades deste ano estará relacionada coa diversificación da mostra de produtos, segundo explicou Antonio Díaz. A rúa Camiño de Ovedo acollerá unha representación de produtos gastronómicos

galegos. Haberá dúas queixirías de Melide, un posto con produtos do Courel -derivados da castaña na súa maioría-, produtos ecolóxicos e unha mostra de carnes e embutidos típicos galegos.

Atenderase así unha demanda “que consideramos dá variedade á festa”, Díaz.

Festa de interese turístico

Á marxe de regular e potenciar a actividade reposteira de Melide, un dos obxectivos que persegue a nova asociación a curto prazo é a declaración de interese turístico para a cita festiva. Respecto a esta cuestión, Alberto Rodríguez avanzou que traballan en colaboración co Concello para elevar a solicitude á Xunta. Para elo redactan un informe que describa a actividade e as características dos coñecidos doces, cuxa fama traspasa as fronteiras da comarca.

Xa a medio e longo prazo, a intención dos produtores é que os tres postres obteñan o selo de produto galego de calidade.

Máis de 50 persoas cederon obras á biblioteca de Melide no Día do Libro

A maioría dos que depositaron libros foron adultos, ó contrario que na edición anterior

A celebración do Día do Libro -o 23 de abril- contou cunha iniciativa que se desenvolveu na biblioteca municipal Xosé Vázquez Pintor por segundo ano consecutivo. Fíxose un intercambio de obras, consistente en que cada persoa que se achegara á biblioteca e que levara consigo un título da súa propiedade, recibía outro a cambio ó depositar no centro o seu volume.

En total, máis de medio cento de persoas decidiron facer un oco nas súas librarías levando os seus propios libros para volver enchelas con obras



Os nenos son protagonistas de moitas actividades da biblioteca

actuais, editadas en galego. A maioría dos que cederon as súas obras foron adultos, en contraposición ó que ocorrera na anterior edición, cando os cativos contribuíran a ampliar o catálogo en maior medida.

A concelleira de Cultura, Conchi Castro, destacou o feito de que a actividade “atraeu á xente á biblioteca e ao mesmo tempo enriqueceu o

catálogo de fondos que poden ser lidos e compartidos por tódolos usuarios”.

A celebración do Día do Libro completouse coa representación da obra ‘Unha rosa no xardín’ -a cargo da compañía Pinga Teatro- para os máis pequenos e unha sesión de contacontos tradicionais para os usuarios do Centro de Día que visitaron a biblioteca.

Presentados 25 volumes ó certame de creación literaria ‘Terra de Melide’

O Concello de Melide recibiu 25 orixinais que concorren ó certame de creación literaria ‘Terra de Melide’. Rematado o prazo de presentación de obras, o pasado 15 de abril, agora os títulos presentados pasarán o exame do xurado que escollerá o de mellor calidade.

A obra gañadora darase a coñecer o próximo 7 de xuño. Recibirá unha dotación de 6.000 euros ademais da súa publicación por Edicións Xerais de Galicia.

O certame literario organizado polo Concello de Melide chega á súa novena edición situado coma un referente nas letras galegas. Neste senso, a concelleira de Cultura, Conchi Castro, fixo fincapé en que “con cada nova edición au-

menta o número de obras presentadas, o cal demostra que o ‘Terra de Melide’ se está consolidando no calendario cultural galego”. Na última edición do certame, celebrada hai dous anos, concorreron 21 obras.

O xurado que fallará o premio estará composto polo presidente de Edicións Xerais, Manuel Bragado, o gañador da anterior edición, Santiago Jaureguizar, un representante dunha librería de renome do ámbito galego, ademais doutras dúas persoas.

Por outra banda, o VI certame de investigación ‘Terra de Melide’, quedou deserto tras presentarse unicamente unha obra que foi declarada nula por non cumprir coas bases do concurso.

Restauración “integral” para Santa María

Soterrarase todo o cableado aéreo da praza e pavimentarase a zona con pedra

O Concello de Melide solicita á Xunta que comece coas obras “o antes posible”

O contorno da igrexa de Santa María de Melide, unha das zonas máis emblemáticas do último tramo do Camiño Francés, será obxecto dunha reforma “integral” que persigue a posta en valor e a recuperación da súa arquitectura e paisaxística natural, segundo confirmaron dende o Concello melidense.

As obras consistirán na mellora das instalacións así como da pavimentación, ademais da instalación de novos puntos de iluminación e mobiliario. O investimento, financiado pola Consellería de Cultura, supera os 230.000 euros.

Dende o goberno local explicaron que a execución deste proxecto fora solicitada á Xunta en agosto de 2009, no marco das propostas de actuación do departamento de Cultura para o Xacobeo 2010.

Unha das principais actua-



Un entramado de cables cubre a praza da igrexa de Santa María de Melide

cións será a retirada do tendido eléctrico aéreo, que se soterrará. Actualmente, a praza está cruzada por un entramado de cables que, xunto cos postes de formigón instalados diante do cruceiro, afean a zona.

Redefinir o trazado da ruta
Outra das actuacións que se levarán a cabo está relacionada coa pavimentación da zona. Preténdese redefinir o trazado do Camiño para diferenciarlo do resto dos viais que pasan polo lugar. Habilitarase

unha zona de aparcamento ordenado e realizarase un mantemento do firme existente, para “homoxeneizar a imaxe da zona”, indicaron dende o consistorio local.

No caso dos tramos máis próximos as vivendas, que na actualidade están pavimentados con asfalto, serán levantados para substituír este material por pedra.

A transformación da zona completarase coa instalación de mobiliario urbano novo -bancos, farolas e papeleiras- acorde ó contorno.

A alcaldesa de Melide, Socorro Cea, agradeceu ó departamento da Xunta que escollera a mellora desta zona “pola que pasan miles de peregrinos cada ano”. As obras xa contan coa pertinente autorización da Dirección Xeral de Patrimonio, polo que Cea pedirá ó Goberno autonómico que inicie os traballos “canto antes”.

Recoñecido valor histórico
Santa María de Melide é unha das zonas de maior peso histórico do concello, así como do tramo galego do Camiño Fran-

ces cara a Santiago. O seu contorno ten un recoñecido valor paisaxístico ademais de arquitectónico.

A igrexa de Santa María está considerada como un dos referentes da arquitectura relixiosa do Camiño. De estilo románico -datada no século XII- ten na súa bóveda pinturas de grande valor histórico. Á marxe dos elementos pictóricos, chaman a atención o altar, que é o orixinal do propio templo, e unha reixa románica, da que se di que é única en Galicia.

Un recuncho do Camiño na comarca

Chega o peregrino a Melide. Deixa atrás as terras lucenses para adentrarse nas coruñesas. A meta está cada vez máis preto. Aquí é onde o camiñante comeza a despedirse pouco a pouco do Camiño. Cando xa parece notarse a presenza de Santiago, ao lonxe. Cando hai momentos nos que os folgos comezan a minguar. Tamén cando os sentimentos se volven máis intensos. Xa contan os pasos sobre o camiño empedrado, como o que hai no Leboreiro. Neste mesmo lugar teñen ante si un dos símbolos da Galicia interior, o cabaceiro. Unha imaxe que perdurará na memoria de moitos deles.



Cabaceiro e igrexa de Santa María de Leboreiro (Melide), ao pé do Camiño Francés.

**CAL É O TEU
RECUNCHO FAVORITO
DOS CAMIÑOS DE
SANTIAGO
NA COMARCA?**

**Envíanos unha foto
e un comentario a**

info@asetem.com

Finou Eugenio, o amigo de todos

Xosé Núñez López



O Presidente de Honra da Asociación Cultural Banda-Escola de Música de Visantoña lle fai entrega do título de Director Perpetuo da Banda Popular de Música de Visantoña. Agosto 2006



Homenaxe tributado o día 29 de Xuño de 1992, nas festas de San Pedro de Melide.

Finou o DIRECTOR. Así, con maiúsculas, porque despois de 133 anos de existencia da Banda Popular de Música de Visantoña, nunca a ningún dos homes que a dirixiu, incluso o seu fundador -avó materno do que esto escribe, Ramón López Soto- dirixíndoa os primeiros 50 anos, recibiu o apelativo de Director, como Eugenio Pazos Reyes, que a dirixiu de forma maxistral durante 39 anos.

Ninguén lle chamou a aquela casa que el comprara hai 50 anos, para traer a súa familia a Visantoña, a 'Casa do Director'. Tamén os fillos sempre foron os fillos do director e os seus netos nunca foron os fillos de Raúl e María, senón que sempre foron e seguirán sendo os netos do Director.

Polos seus méritos como persoa amiga de todos, dunha bonhomía ilimitada, pola súa

humildade, pola súa capacidade e vontade de traballo, é polo que o pobo asumiu dende a súa chegada á nosa parroquia que el era un verdadeiro director. E por iso, a directiva da Asociación Cultural Banda-Escola de Música de Visantoña quixo darlle o seu visto e praxe nomeándoo 'Director perpetuo' da Banda Popular de Música de Visantoña.

Para a vila de Melide, Eugenio tamén era o Director e, sobre todo, o amigo. En boa parte débese á súa persoa o feito de que a Banda de Música de Visantoña fora considerada durante moitos anos como a banda de música da casa, ata que se formou a propia. Por iso, o Concello e o pobo de Melide lle rindeu unha homenaxe que lle foi tributado o 29 de San Xoán de 1992, pola festa do San Pedro.

E tamén por iso, o día 29 de

marzo de 2010 o pobo de Melide envorcouse asistindo en masa ó seu enterro, e en manifestarlle á súa familia a súa dor e a súa mágoa pola perda dun home da súa categoría, sinxela e humana.

O dito de que 'unha persoa non morre de todo ata que se esquece', pola parte de Eugenio, o Director, xa puxo el da súa parte tamén o suficiente para que non sexa esquecido nunca, por deixarnos a súa abundosa obra de composición musical, incluído o bonito pasodoble 'O Campo da Ilusión', que lle dedicou o nome do lugar onde viviu coa súa familia ata o seu pasamento.

Adeus Eugenio, adeus Director. No noso pensamento estarás sempre e o teu recordo de grande persoa e amigo estará sempre connosco ata que nos encontremos de novo, alí onde queira que te atopes.

A Don Eugenio Pazos Reyes

María Socorro Cea Vázquez

Don Eugenio Pazos Reyes naceu en 1921, no lugar de Couso (A Estrada). Seu pai e seu avó tocaban na Banda de Veá, parroquia do municipio pontevedrés que o viu nacer, e deles tomaría o relevo na afición pola música, algo que na familia Pazos semella que vén no sangue, nos xenes. Eugenio iniciaría os seus primeiros estudos musicais aos trece anos, e aos quince xa tocaba a frauta na Banda de Veá, da que chegaría a ser director.

Con eses antecedentes, non é de estrañar que en 1955 chegase a Visantoña (Santiso) para facerse cargo da dirección da Banda de Música. Don Eugenio Pazos Reyes mercou unha casa tres anos despois para instalarse nela el e toda a súa familia. As súas raíces xa chantaran na Terra de Melide para sempre, converténdose así nun veciño máis da parroquia e tendo baixo a súa responsabilidade manter viva unha das formacións musicais con máis fondo avoengo do país, a Banda de Visantoña, cuxa actividade ininterrompida remóntase a 1877. Así, había dirixir de xeito constante, firme e sacrificado a Banda de Música e a escola de aprendices de Visantoña durante 39 anos, escribindo, deste xeito, un capítulo fundamental da súa historia. E ata aí, o que os anais din e dirán dunha das persoas que mantivo aceso o facho secular da música na parroquia de Visantoña. Mais non podemos poñerlle o punto e final a esta lembranza sen achegarnos á persoa que foi Eugenio Pazos. Para el, o estritamente material era secundario. Así o demostra o feito de que, durante moitos anos, lle abundase un cativo e ruín caseto de pedra para impartir clases e para formar, unha tras outra, xeracións e xeracións de músicos. Tan escasos medios a pouco chegarían se Don Eugenio non puxese do seu peto valores fundamentais como a firmeza, o sacrificio e a xenerosidade no seu labor, todo aderezado coa teimosía e a ilusión de quen se entrega sen límites a unha empresa.

Só deste xeito e con estes ingredientes conseguiría Don Eugenio que a música se coase en cada unha das casas da parroquia de Visantoña e, por

suposto, na súa propia. Na súa casa a xenética xogaba ao seu favor. Se cadra foi por iso que non lle resultou difícil contaxiar a súa paixón pola música ao seu propio fillo e aos seus dez netos, que axiña se incorporaron á banda. Un deles acabaría sendo, ademais, o seu herdeiro á hora de coller o relevo como director da banda: Uxío Pazos Pintor, un dos dez netos músicos e director da Banda de Visantoña dende 1994, ano no que colleu o facho deixado polo avó co compromiso de mantelo aceso e transformalo en luminaria polo mundo adiante, cousa que, non me cabe a dúbida, está a facer dun xeito tan elegante coma expeditivo.

Afortunadamente, Don Eugenio Pazos non pertence a esa caste de artistas aos que non se lle recoñecen os seus méritos en vida. O seu labor non caeu no esquecemento nin na abulia dos seus. Pola contra, toda Visantoña se uniu para renderlle homenaxe no ano 2006, nun emotivo acto celebrado no pazo de Vilar de Ferreiros no que o noso home era agasallado co título de Director Perpetuo da Banda de Visantoña en recoñecemento ao seu case medio século de quefaceres á súa fronte.

Xa que logo, non é esaxerado dicir que a cultura e a música da Terra de Melide terán sempre unha débeda con Don Eugenio; como tampouco esaxero afirmando que a perda desta persoa tan sabia, humilde e xenerosa poñen de loito rigoroso á cultura da Terra de Melide.

Os centos de alumnos que pasaron pola súa escola poden estar orgullosos de ter participado do legado de tan especial mestre. A parroquia de Visantoña non debe sentir menos orgullo por terse convertido, por dereito, nun dos enclaves con máis fonda raizame musical do noso país; por extensión, tamén na Terra de Melide nos sentimos partícipes do sentimento e fachendamos polo mundo adiante de termos unha das mellores bandas de música do país.

Daquela, longa vida á Banda de Visantoña. Vai por vostede, Don Eugenio, que tamén ha seguir vivo na nosa memoria e nun recuncho selecto dos nosos corazóns.

Parabéns Foliada!

Santiago Prado Conde (Chago),
antropólogo



No ano 2005 un grupo de mozos e mozas da Terra de Melide, organizados como a Asociación Cultural e Musical O Castelo, enviaron un desafío á sociedade do interior do país: “Convidamos a esta xuntanza popular a toda aquela xente que lle apeteza tocar, bailar ou disfrutar do noso folclore (mensaxe no programa do ano 2005)”. O desafío, se me permiten a interpretación, consistiu en organizar un acto festivo no que as persoas foran as protagonistas, que se sentisen participantes; que ben tocando, bailando ou ao marxe como espectadores, interpretasen a Foliada como súa, como propia, que non podía ser un acontecemento dun ano e esmorecer.

Este desafío foi o gran éxito da Foliada e, polo tanto, expreso dende este medio os meus parabéns ás persoas directamente implicadas para que a idea xermolada se manifestase, e tamén a todas as persoas que acoden a este acto festivo e xeran un tipo de relacións festivas presididas pola participación.

A Foliada, que comezou como unha xuntanza de grupos folclóricos, quizais seme-

llante a outras festas do arredor, rematou sendo un acontecemento que ampliou o goce da música co acceso a outro tipo de actos: obradoiros, mostra de artesanía, seminarios, exposicións e un abano de eventos que superan a manifestación festiva da música. Inaugurouse así un camiño sen retorno no que hoxe a Foliada se inscribe con pleno dereito no calendario festivo da Terra de Melide.

Alén da interpretación do éxito da Foliada, outros elementos, ao meu modo de ver significativos, se poden pór a disposición do lector. Dado o breve espazo co que aquí se me deleita, só me vou centrar nun deles: a xuventude.

A Foliada representa moito máis que un acto festivo, é a creatividade simbólica dos mozos e mozas presentes na nosa sociedade, a produción cultural duns humanos que, dada a súa caracterización como parte integrante da franxa de idade da xuventude, os medios de comunicación téñennos acostumados a ollalos dende perspectivas negativas sobre os seus actos. A Foliada racha con todas as miradas prexudiciais da xuventude e


achéganos a un tipo de relacións socioculturais nas que é preciso salientar que os adultos xa aprenden tamén cos mozos e, finalmente, todos aprenden con todos. É, polo tanto, un modelo social que permite á xuventude situarse en pé de igualdade cos adultos e coas institucións sociais. É dicir, os mozos e mozas son quen de convivir e participar en distintos espazos e tempos cos adultos, así como cos máis novos, os nenos.

Polo tanto, a Foliada, alén doutras consideracións que poderíamos esgrimir, é o recoñecemento da xuventude como actor social na nosa sociedade, como xerador e produtor de cultura e tanto presenta como realza unhas relacións sociais e culturais nas que poden intercambiar experiencias os distintos tramos de idade presentes na nosa sociedade.

Remato estas breves palabras, quizais reflexivas, como comecei, dando os parabéns ás persoas integrantes na organización da Foliada, por ser quen de permitírnos gozar cun acto festivo no que participan tanto os nenos como os avós, ademais de mozos e adultos.

Outra cousa...

Xavier Pazo Blanco, presidente
da Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’



Cando buscamos unha explicación do descenso das troitas nos nosos ríos, existe unanimidade á hora de achacar á contaminación dos ríos polos vertidos residuais das poboacións, puríns, sulfatos, etc, xeneralmente cargan coa culpa de alterar a bioloxía dos ríos.

Pero tamén hai outros factores como son as marxes do río excesivamente cheas de ramas, silvas e vexetación caducifolia que ao caer sobre o río e posteriormente descompoñerse xeran metanos non deixando que chegue correctamente a osixenación ó leito, etc. Ademais temos o problema dos depredadores foráneos que dende fai tempo se aproveitan da riqueza piscícola dos nosos ríos e en concreto do río Furelos, como son os visóns americanos, actuando sobre as troitas, diezmandoas rapidamente e sen esquencer o excesivo número de pescadores por metro cadrado.

A colaboración dos socios é imprescindible para manterse ó longo dos anos; pero tamén o sentido común e as ganas de mellorar a situación da pesca e os seus dominios. Hai que seguir co Plan de Xestión de Pesca no que se plasman as virtudes e os inconvenientes do río Furelos. Hai que desenvolver unha serie de melloras no couto, como é a estrutura-

ción dos 11,5 quilómetros acoutados. Temos que seguir limpando as marxes do río e transmitir o espírito activo que nos moveu para facer as I Xornadas de Limpeza do Couto aos socios, a todos aqueles que queiran deixar patente nas actividades que se realicen o desexo de cambiar a situación e melloralala.

Poucos días levamos para a tan agardada apertura da tempada de Pesca Fluvial en Galiza, as esperanzas desta nova tempada son bastante boas en función da cantidade de auga de chuva caída na nosa terra. O inverno foi bon en xeral e fai que os ríos se atopen na actualidade cheos e no seu límite. Pero dende a Asociación de Troiteiros Río Furelos transmitimos esperanza e ilusión, pois está próximo o noso aniversario e como tal queremos celebralo.

Por todo elo temos que ser máis respetuosos coas nosas queridas troitas. A Natureza sabía, xa terá axustado e regulado a súa reprodución en función desta climatoloxía. Así que amigos e socios pescadores e troiteiros do río Furelos e dos demais ríos, cremos que agora tócanos a nós estar a altura das circunstancias, exercendo de verdadeiros conservadores desta.

Que a tempada 2010 vos sexa propicia

IN MEMORIAM

HILARIO LEOPOLDO LÓPEZ REGO

(*Home bo e xeneroso comprometido de cheo coa nosa Galiza*)

Xosé Domingos Fuciños Gómez



Homenaxe a Leopoldo López Rego (de pé) o 21 de abril de 1984, no 'Xaneiro Vello' na Cabana, Toques.

O pasado 20 de febreiro faleceu na súa casa de Miñortos (Porto do Son) o noso querido amigo Leopoldo.

Nace Leo (como lle chamabamos os amigos) en San Martiño de Mondoñedo (Foz-Lugo), no ano 1935. No 1948 ingresa no Colexio Apostólico Pasionista de Os Picos (Mondoñedo) para logo, no 1951 trasladarse a Gabiria (Guipúzcoa) para estudar os cursos de Humanidades. Por mor dunha enfermidade pulmonar, pasa dous anos na casa familiar.

En sucesivos anos (1953-1960) pasa por distintos centros educativos Pasionistas até que o 2 de abril de 1960 é nomeado presbítero, sendo destinado a Irún, onde traballa cos ferroviarios. Logo pasa á Coruña no Santuario de Sta. Xema (Ponte Pasaxe). De 1971 até 1983 está en Melide, estuda Dereito en Compostela acadando a licenciatura no 1976.

Logo exerce de avogado. Estivo nos CALL (Comités de Apoio a Loita Labrega), nas Comisións Labregas, axudando aos máis desfavorecidos.

No ano 1975, o 29 de outubro é detido en Melide, acusado de pertencer ao FRAP (sen fundamento de ningún tipo) e está nas cadeas de Vigo e A Coruña até o 24 de decembro do mesmo ano.

De 1976 ao 1980 foron anos dunha activa loita social, sobre todo na problemática do medio rural (Cuota Empresa-

rial Agraria, as Encrobas, Non Xove Nuclear, creación da ANPG etc.) e moi importante, a loita pola Ponte e demais infraestruturas no Embalse de Portodemouros.

O 28 de novembro de 1979 sae elixido concelleiro de Melide polo BNPG, onde estivo até o 1983. Neste mesmo ano, aproba as oposicións para Secretario de Concellos de segunda clase, estando de Secretario en Laza (Ourense), Oza dos Ríos, Carnota e Lousame (A Coruña), onde se xubila.

No 1985, o 23 de abril, casa coa Dra. María Xosé Iglesias Filgueira, tendo dous fillos, Macías e Antía, intelixentes, que están a piques de rematar as súas carreiras.

O 20 de febreiro falece.

Leopoldo foi un home comprometido coa xente máis necesitada, cos labregos galegos, coa política e cos sindicatos (ANPG, BNPG, SOG, Comisións Labregas...), coa relixión católica progresista e emancipadora, comprometida socialmente co pobo.

Intelixente e traballador, abría os ollos á realidade e a Melide. Trouxo un cambio cualitativo e cuantitativo a nivel de compromiso político e cultural, para todos os que fomos os seus compañeiros e para a sociedade en xeral.

SEMPRE EN GALIZA, SEMPRE CON LEOPOLDO.

Seguirás en Galiza estando connosco.

(Gracias a Rosendo polos datos cronolóxicos).

Melide nos anos 20

Xosé Domingos Fuciños Gómez



Muíños de Pita, na Ronda da Coruña, Melide. (Anos 1920)



Rematando as obras da central de Portodís. (Anos 1920)



Vello convento dos Pais Pasionistas sen campanario. (Anos 1920)

Fotografías: Arquivo Irmáns Fuciños-Gómez (Casa de Pita)

AVISOS E ACTOS - MAIO

-do luns 3 ao venres 14: período para solicitar matrícula de nova incorporación á escola infantil de Melide. Os trámites realizaranse na escola (Rúa Martagona).

-inaugúrase a exposición ‘Historia de Galicia’ que se poderá visitar no Multiusos de Melide ata o xoves, día 13.

-domingo 9: Festa do Melindre e da Repostería Tradicional en Melide.

-luns 10: último día para inscribirse para participar no I concurso ‘Melide de tapas’.

-Remata o prazo de inscrición para o Campionato de Tute para maiores (por parellas), que comeza o mércores 12 a partir das 18.00 horas. Centro Social de Melide.

-sábado 15: máster de pesca á mosca. Organizado pola Asociación de Troiteiros Río Furelos de Melide. Sorteo das prazas o 14 de maio no bar Cire.

-luns 17: Día das Letras Galegas

-xoves 20: asemblea xeral ordinaria de Asetem-Cca, a partir das 21.00 horas na sede da asociación.

-venres 28: cea anual de confraternidade de Asetem-Cca. A partir das 21.30 no Hotel Carlos 96 de Melide.

LIÑAS DE AUTOBÚS

MELIDE - A CORUÑA

De luns a venres: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45,
Sábados: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45
Domingos e Festivos: 9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30

(período lectivo), 15.25, 17.50, 20.20
Sábados: 7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50
Domingos e festivos: 7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20

MELIDE - LUGO

De luns a venres: 7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos)
Sábados: 7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25
Domingos e festivos: 7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50

TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila)

Luns a venres laborables:
Saída de Fondevila: 10.20
Saída de Melide: 12.30
Domingos excepto último de mes:
Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00
Saída de Melide: 13.00
Último domingo de mes:
Saída de Fondevila: 7.45
Saída de Melide: 13.00 e 14.00

MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela)

Martes e venres laborables:
Saída de Folladela: 8.30
Saída de Melide: 12.30
Domingos, excepto último de mes: Folladela: 8.40
Saída de Melide 13.00
Último domingo de mes:
Saída de Folladela: 8.30
Saída de Melide: 13.00 e 14.00

A CORUÑA - MELIDE

De luns a Venres: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00
Sábado: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00
Domingos e Festivos: 8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00

MELIDE - FERROL

Sábados: 19.15
Domingos e Festivos: 19.15

FERROL - MELIDE

Sábados: 10.30
Domingos e festivos: 17.00

MELIDE - OURENSE

De luns a venres: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00
Sábados: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00
Domingos e festivos: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20.00

OURENSE - MELIDE

De luns a venres: 8.00, 12.00, 15.30, 19.15
Sábados: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19.15
Domingos e Festivos: 9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00

MELIDE - SANTIAGO

De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40

TELÉFONOS DE INTERESE

URXENCIAS

UrxenciasSanitarias	061
Bombeiros	080
Incendios Forestais	085
Policía Municipal	
Urxencias	092
Melide	981505003
Policía Nacional	091
Garda Civil	
Urxencias	062
Melide	981505007
S.O.S	
S.O.S Galicia	112
Protec.Civil.	670498848

TRANSPORTES

RENFE	
Nacional	902240202
Santiago	981596050
Autobuses	
A Coruña	981239099
Santiago	981542416
Aeroportos	
A Coruña.	981187200
Santiago	981547500
Vigo	986268200

SERVIZOS E INSTITUCIÓNS

Atención ao cidadán	981120012
Valedor do pobo	981571900
Economía facenda	981545151
Industria e Comercio	981544341
Sevizo Galego Colocación	981125000
Teléfono da Muller	900400273
Teléfono do Menor	900444222
Dirección Xeral de Tráfico	900125505
Correos	902197197
Auga	981242322
Electricidade	981147200
Gas.	900760760

MELIDE

Casa do Concello	981505003
Centro de Saúde	981506176
Servizos Sociais	981505012
Consevatorio	981507100
Polideportivo	981507752
Centro Social da 3ª Idade	981505706
Parada de Taxis	981505390
Oficina de emprego	981505204
Albergue Xuvenil	981507412
Albergue do Peregrino	660396822
Centro Ocupacional	981505003

A.S.E.T.E.M-CCA	981506188
I.E.S. de Melide	981505162
C.E.I.P nº1	981505238
C.E.I.P nº2	981505929
Gardería	981505003
U.A.F. de Melide	981507742

SANTISO

Casa do Concello	981818501
Centro de Saúde	
Agrochao	981517803
Visantoña	981510749
Xulgado de Paz	981 818501

SOBRADO

Casa do Concello	981787508
Desenvolvemento local	981787508
Centro de Saúde	981787744
Mosteiro de Sobrado	981787509
Xulgado de Paz	981787508

TOQUES

Casa do Concello	981505826
Centro de Saúde	981507301
Xulgado de Paz	981505826

PIEDAD TURRADO, XERENTE DE MOBLES ARES

“Combinamos o moble de deseño e o tradicional no corazón de Melide”

Xestiona unha das empresas familiares con máis sona na comarca de Melide dende hai uns nove anos. Piedad Turrado afronta “ilusionada e con ganas” a nova etapa de Mobles Ares, que vén de estreir instalacións no número 12 da rúa Florentino López Cuevillas. Máis de 1.250 metros ca-

drados destinados a almacén e exposición de mobles e artigos de decoración, na que predomina o estilo actual e de deseño. A empresaria recorda de xeito especial a Maruja e Emilio Ares, que abriron o negocio hai agora preto de 50 anos. “O que somos agora debémollos ó seu traballo”.

-Tras case cincuenta anos de negocio, Mobles Ares segue medrando

-Si. Acabamos de abrir unhas novas instalacións nas que dispoñemos duns 1.250 metros cadrados para almacén e exposición, á que dedicaremos o baixo e a primeira planta.

-A localización do edificio é estratéxica

-Gustounos este solar precisamente pola ubicación, ó estar fronte ó outro edificio, onde naceu Mobles Ares, cunha exposición de 1.500 metros. Ademais estamos no corazón de Melide.

-A nova exposición caracterízase por un estilo moderno

-A idea foi cubrir un sector que non se traballaba moito, ó que quizais non estabamos atendendo o suficiente. Un moble de estilo moderno, nun nivel medio-alto. Coidamos moito os detalles. É unha liña actual, avanzada e punteira, que combinamos co moble tradicional.

-Abriron hai un mes, como son os resultados?

-Estamos contentos porque a exposición gustou moito, os comentarios son positivos e xa vendemos varios artigos. Creemos que acertamos co produto e coa organización e disposición do espazo.

-Que acollida ten este tipo de mobiliario entre os clientes?

-A pesar da crise a xente esmérase cada vez máis en coidar a decoración da súa casa, en ter un entorno agradable, aínda que cada vez se pasa menos tempo nas vivendas.

-Teñen algunha oferta de lanzamento?



Piedad Turrado nas novas instalacións de Mobles Ares

-Temos dúas butacas orelleiras por 70 euros cada unha. Unha de cor laranxa e outra marrón chocolate.

-Ampliar o negocio en tempo de crise é unha aposta arriscada

-Somos conscientes do momento no que estamos, pero somos positivos por natureza e cremos que cando isto pase sairemos reforzados e poderemos competir en mellores condicións. Daquela xa tereamos un camiño andado.

-Ver e tocar os mobles segue sendo importante ou véndese cada vez máis por catálogo?

-Á xente gústalle moito ver o produto, queren ver os mobles e tocalos. Os clientes de máis idade non entenden o mundo

do catálogo, prefiren visitar as exposicións. Hai outro tipo de clientes que si funcionan por catálogo.

-Ofrecen un servizo personalizado antes, durante e despois da venda

-En todo momento buscamos adaptarnos ás necesidades do cliente. Segundo o que precisen ofrecémolles as maiores posibilidades para que opten polo que máis lle conveña. Traballamos moito o servizo post-venda e damos a posibilidade de financiar as compras.

-Hoxe en día hai moita competencia no sector do moble, aféctalle isto á hora de xestionar o seu negocio?

-É bo que haxa competencia porque nos axuda a mellorar.

Na xestión do negocio intentamos facelo o mellor posible, sen compararnos cos demais. Somos unha empresa seria que responde ante calquera problema do cliente, e seguiremos traballando nesa liña.

-Fíxose cargo do negocio cando xa estaba consolidado. Isto aumenta a responsabilidade?

-Fundárono os meus sogros, Maruja e Emilio, anos despois de abrir a ferretería en 1950. Andrés e máis eu collémolo no 2001. Reformamos a outra tenda e ampliamos moitas referencias. A empresa dou un cambio importante, a pesar de que xa estaba consolidada. Xa era unha firma moi coñecida e tiñamos moito camiño andado, algo que lle debemos ós seus fundadores.

“A xente coida cada vez máis a decoración da súa casa, aínda que pasen menos tempo nela”

“Arriscámonos nun momento de crise, pero conseguiremos saír reforzados e en mellores condicións”

-Despois de tantos anos xa teñen unha clientela fiel

-Hai moitas familias nas que viñeron os pais, os fillos e incluso os netos. É un síntoma de que o negocio funciona ben.


-Os seus clientes exténdense por concellos de toda a redonda

-Temos clientes de tódolos concellos próximos a Melide. Tamén vén xente da Coruña, Santiago ou Lugo. Persoas que teñen aquí familia e que nos visitan as fins de semana.

-A técnica do boca a boca é fundamental neste tipo de negocios

-Que o cliente quede satisfeito é a nosa mellor publicidade. Notamos que si que funciona, que os clientes quedan contentos e nos recomendan.

O Forno dos Mouros



As terras de Toques concentran gran cantidade de tesouros arqueolóxicos. Mais se houbera que destacar un destes recursos sería o dolmen do Forno dos Mouros. Á marxe de ser un dos máis fermosos da comunidade

galega, é un dos máis peculiares en canto á construción se refire. Consérvanse moi poucos exemplares co corredor de entrada.

Excavado por varios equipos de expertos arqueólogos dende hai

máis de dúas décadas, no seu interior atopouse o que está considerado o vaso campaniforme mellor conservado de Galicia. Segundo os estudos, foi decorado con cunchas e corda de fío. A decoración das paredes, con

liñas vermellas e negras en zig zag tamén sorprendeu ós profesionais.

Mágoa que todo este coñecemento escape ós turistas e, incluso ós veciños, pola deixadez das institucións ante a posta en valor do dolmen.

1. Vista xeral do do dolmen do Forno dos Mouros.

2. Vista parcial do dolmen coa Pena da Moura ó fondo.

3. É un dos poucos que conserva o corredor de entrada.

XIX

festa do Melindre

e da Repostería Tradicional da Terra de Melide



9
maio
2010



...un doce para O Camiño

Organiza:



CONCELLO
DE MELIDE

Melide

Terra doce

Colabora:



DEPUTACION
DA CORUÑA